



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Secretaría Xeral

*Aprobación definitiva da ordenanza de xestión de residuos municipais do Concello de Arteixo*

##### ANUNCIO

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o 30 de novembro de 2024, o texto da modificación da ordenanza núm. 46 de Ordenanza de Xestión de Residuos Municipais do Concello de Arteixo, e téndose publicado o texto da aprobación inicial no BOP nº 228 do 26 de novembro de 2024. Transcorrido o prazo de exposición pública recíbese alegación desestimada previo informe técnico, polo que se procede á publicación do texto definitivo da ordenanza:

##### “ORDENANZA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO

##### CONTIDO

##### PREÁMBULO

##### TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS

- Artigo 1. Obxecto
- Artigo 2. Ámbito de aplicación
- Artigo 3. Principios reitores
- Artigo 4. Réxime xurídico
- Artigo 5. Definicións
- Artigo 6. Competencias locais
- Artigo 7. Réxime fiscal
- Artigo 8. Prestación dos servizos
- Artigo 9. Normas para a xestión responsable de residuos e conciencia ambiental.
- Artigo 10. Dereitos e participación dos cidadáns

##### TÍTULO I. XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

##### Capítulo I. Regulacións básicas

- Artigo 11. Residuos municipais
- Artigo 12. Residuos excluídos
- Artigo 13. Depósito de residuos
- Artigo 14. Tipos de produtores e/ou lugares de produción
- Artigo 15. Clasificación dos residuos municipais
- Artigo 16. Residuos municipais ordinarios
- Artigo 17. Fraccións dos residuos municipais ordinarios
- Artigo 18. Fluxo dos residuos ordinarios
- Artigo 19. Residuos municipais non ordinarios (especiais)
- Artigo 20. Fluxo dos residuos non ordinarios (especiais)
- Artigo 21. Titularidade dos residuos
- Artigo 22. Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores dos residuos
- Artigo 23. Promoción da separación en orixe e separación selectiva
- Artigo 24. Prohibicións

**Capítulo II. Recollida dos residuos municipais ordinarios****Sección I. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios mediante colectores de uso colectivo**

**Artigo 25.** Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

**Artigo 26.** Frecuencia da recollida dos colectores

**Artigo 27.** Localización dos colectores de uso colectivo

**Artigo 28.** Limpeza e mantemento dos colectores de uso colectivo

**Artigo 29.** Presentación dos residuos ordinarios nos colectores de uso colectivo

**Artigo 30.** Normas de utilización dos colectores de uso colectivo

**Artigo 31.** Horario para o depósito de residuos en colectores de uso colectivo

**Artigo 32.** Operacións que comprende a recollida dos residuos ordinarios depositados en colectores de uso colectivo

**Artigo 33.** Programación de servizos

**Artigo 34.** Recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións e implantacións e solo rústico

**Sección II. Fomento da compostaxe**

**Artigo 35.** Obxectivos da compostaxe

**Artigo 36.** Compostaxe nos fogares

**Artigo 37.** Zonas de compostaxe comunitaria

**Sección III. Outras formas de recollida dos residuos ordinarios**

**Artigo 38.** Recollidas específicas denominadas “porta a porta”

**Artigo 39.** Outras recollidas específicas de residuos ordinarios

**Sección IV. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios para as actividades**

**Artigo 40.** Formas de recollida dos residuos ordinarios das actividades

**Artigo 41.** Recintos para a localización de colectores de uso privado das actividades

**Artigo 42.** Normas de utilización e xestión dos colectores de uso privado

**Capítulo III. Servizo de recollida de residuos non ordinarios (especiais)****Sección I. Disposicións xerais**

**Artigo 43.** Concepto

**Artigo 44.** Condicións e clasificación dos residuos non ordinarios

**Artigo 45.** Formas de recollida dos residuos non ordinarios (especiais)

**Sección II: Puntos limpos**

**Artigo 46.** Consideracións xerais

**Artigo 47.** Residuos admisibles nos puntos limpos

**Artigo 48.** Condicións para a entrega

**Sección III: Servizo especial de recollida**

**Artigo 49.** Definición e solicitude do servizo especial de recollida

**Sección IV: Residuos voluminosos**

**Artigo 50.** Concepto e clasificación

**Artigo 51.** Xestión dos residuos voluminosos

**Sección V. Animais de compañía mortos**

**Artigo 52.** Inclusións e exclusións

**Artigo 53.** Xestión dos cadáveres dos animais de compañía

**Artigo 54.** Tratamento dos animais mortos abandonados

**Sección VI. Residuos de construción e demolición de obras en xeral**

**Artigo 55.** Residuos procedentes de obras menores de construción e de reparación domiciliaria

**Artigo 56.** Xestión dos residuos de obras menores

**Sección VII: Outros residuos non ordinarios. Talleres municipais de recuperación e reparación dos residuos non ordinarios**

**Artigo 57.** Residuos de poda e xardinería

**Artigo 58.** Pilas Usadas

**Artigo 59.** Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

**Artigo 60.** Medicamentos

**Artigo 61.** Aceites usados

**Artigo 62.** Roupas e téxtiles dos fogares

**Artigo 63.** Residuos sanitarios

**Artigo 64.** Vehículos abandonados

**Artigo 65.** Outras tipoloxías de residuos e fluxos de recollida

**Artigo 66.** Talleres municipais de Recuperación e Reparación de Residuos

**Capítulo IV. Obrigas de determinados produtores de residuos para o fomento da recollida separada e o reciclaxe de alta calidade**

**Artigo 67.** Separación na orixe de residuos de envases (e de papel-cartón que non sexa envase) e biorresiduos no interior de establecementos comerciais e de servizos e instalacións industriais

**Artigo 68.** Separación na orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos

**TÍTULO II. FINANCIACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RESIDUOS. PAGO POR XERACIÓN DE RESIDUOS E INCENTIVOS AMBIENTAIS****Capítulo I. Financiación do servizo municipal de residuos**

**Artigo 69.** Financiación do Servizo municipal de residuos.

**Artigo 70.** Clasificación dos usuarios aos efectos fiscais

**Artigo 71.** Obrigatoriedade do servizo para os fogares

**Artigo 72.** Carácter voluntario para as actividades

**Artigo 73.** Exclusión do servizo municipal por xestión externa

**Artigo 74.** Fiscalización e control das actividades excluídas

**Capítulo II. Pago por xeración**

**Artigo 75.** Implantación do sistema de pago por xeración

**Artigo 76.** Estudo de viabilidade e alternativas tecnolóxicas que permitan un pago por xeración efectivo

**Artigo 77.** Control e protección de datos persoais

**Artigo 78.** Revisión e seguimento do sistema

**Artigo 79.** Fase inicial do pago por xeración e incentivos ambientais

**Capítulo III. Incentivos ambientais****Sección I. Disposicións xerais**

**Artigo 80.** Promoción de determinados programas de recollida selectiva e reducións tarifarias por participación

**Artigo 81.** Divulgación e sensibilización

**Artigo 82.** Beneficios económicos e ambientais

**Artigo 83.** Participación e rexistro

**Sección II. Programas de recollida selectiva**

**Artigo 84.** Listaxe de programas de recollida selectiva

**Artigo 85.** Supervisión dos programas de recollida selectiva

**Artigo 86.** Programa de compostaxe individual

**Artigo 87.** Programa de fracción orgánica

**Artigo 88.** Programa de recollida porta a porta de papel e cartón

**Artigo 89.** Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI

**Artigo 90.** Programa de recuperación de comida

**Artigo 91.** Programa de colectores de uso privado para as fraccións monomateriais e/ou biorresiduos

### **Título III. Infraccións e sancións**

#### **Capítulo I: Disposicións xerais**

**Artigo 92.** Responsabilidades

**Artigo 93.** Inspección

**Artigo 94.** Denuncias

**Artigo 95.** Deber de colaboración.

**Artigo 96.** Réxime sancionador

**Artigo 97.** Obrigas da restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria

**Artigo 98.** Traballos en beneficio da comunidade

#### **Capítulo II: Tipificación de infraccións**

**Artigo 99.** Infraccións

**Artigo 100.** Infraccións leves

**Artigo 101.** Infraccións graves

**Artigo 102.** Infraccións moi graves

**Artigo 103.** Sancións

**Artigo 104.** Obrigación de reposición

**Artigo 105.** Multas coercitivas

**Artigo 106.** Prescrición das infraccións e das sancións

**Artigo 107.** Gradación das sancións

**Artigo 108.** Potestade sancionadora

**Artigo 109.** Publicidade

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA**

#### **DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA**

#### **DISPONSICIÓNS TRANSITORIA SEGUNDA**

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

#### **PREÁMBULO**

A xestión adecuada dos residuos adquiriu unha relevancia considerable a finais do século pasado, xusto cando se produciu un cambio profundo na forma en que a humanidade percibe a súa relación co medio ambiente. Este cambio foi motivado principalmente por dous factores: a exacerbación dos problemas ambientais, cada vez máis visibles e alarmantes, e a necesidade de reformular a idea de crecemento humano ilimitado.

Durante moito tempo, a visión predominante era a de progreso sen límites, sustentada na explotación intensiva dos recursos naturais e na crenza errónea de que a Terra posuía unha capacidade infinita para assimilar e procesar residuos. Esta perspectiva levaba a un modelo lineal de desenvolvemento que se caracterizaba pola extracción de recursos, produción, consumo e vertido sen considerar os impactos a longo prazo. En particular, as áreas urbanas convertéronse en centros de elevado consumo e xeradores significativos de refugалlos, evidenciando un patrón insostible que estaba a provocar graves consecuencias.

A medida que se evidenciaban os efectos negativos deste modelo, como a degradación ambiental e a deterioración da calidade de vida, a súa insustentabilidade comezou a ser cada vez máis clara. Os sinais de alerta incluían a contaminación do aire e da auga, a perda de biodiversidade e a saturación dos espazos destinados á eliminación de residuos, o que contribuíu á toma de conciencia sobre a necesidade de cambiar de rumbo.

Nas últimas décadas do século XX, as administracións públicas comezaron a abordar estes problemas con maior determinación, recoñecendo a urxencia de reformar as prácticas de xestión de residuos e adoptar novas políticas que permitiran a restauración do equilibrio entre a sociedade e a natureza. As Administracións asumiron un papel clave na sensibilización da cidadanía e na promoción de comportamentos máis responsables, ao mesmo tempo que implementaron políticas orientadas á prevención e redución de residuos.

Neste novo enfoque, a xestión de residuos converteuse nunha prioridade estratéxica. O recoñecemento de que a forma en que se producen, xestionan e eliminan os residuos ten un impacto directo na sustentabilidade ambiental levou á adopción de prácticas máis responsables e á implementación de normas e regulacións que buscan minimizar os efectos adversos. A transición cara a unha economía circular e a mellora da eficiencia na xestión dos recursos foron identificadas como claves para asegurar a viabilidade dun futuro sostible.

Neste sentido, o artigo 45 da Constitución Española sitúa a protección do medio ambiente como un principio reitor da política social e económica, establecendo o dereito de todas as persoas a gozar dun medio ambiente adecuado para o seu desenvolvemento persoal, e o deber de conservalo. Ao mesmo tempo, impón a obriga aos poderes públicos, incluíndo os entes municipais, de garantir unha utilización racional dos recursos naturais, protexendo e mellorando a calidade de vida, así como restaurando o equilibrio ambiental mediante políticas de solidariedade colectiva.

En cumprimento deste mandato constitucional, e co obxectivo de regular a xestión dos residuos a nivel estatal, aprobouse a Lei 7/2022, do 8 de abril, de Residuos e Solos Contaminados para unha Economía Circular. Esta norma define o réxime xurídico básico aplicable aos residuos en España, incorporando ao ordenamento xurídico interno as directivas da Unión Europea de 2018, que establecen as bases para unha xestión máis eficiente e sostible dos residuos. En consecuencia, esta lei derroga a anterior Lei 22/2011, do 28 de xullo, reforzando o compromiso cara a unha economía circular.

Complementando este marco lexislativo, o Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, sobre envases e residuos de envases, establece unha regulación pormenorizada das competencias dos entes locais nesta materia, reforzando o seu papel na recollida e xestión dos residuos de envases. Xunto a el, outros decretos, como o Real Decreto 27/2021, o Real Decreto 731/2020, e o Real Decreto 265/2021, actualizan e fortalecen as competencias municipais sobre residuos de especial relevancia, como os de aparatos eléctricos e electrónicos, pilas, acumuladores, pneumáticos e vehículos abandonados.

A nivel estratéxico, a Estratexia Española de Economía Circular (España Circular 2030), xunto co Plan de Acción de Economía Circular 2021-2023, sentan as bases para un novo modelo de produción e consumo. Este modelo promove a prolongación do ciclo de vida dos produtos, materiais e recursos, minimizando a xeración de residuos e maximizando o seu aproveitamento. Neste contexto, os entes locais, en cumprimento das súas competencias, están chamados a desempeñar un papel esencial na consecución destes obxectivos.

A nivel autonómico, a Lei 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, busca avanzar cara a un modelo de economía circular, cun enfoque destacado na prevención e na xestión adecuada dos residuos. Esta norma fai especial fincapé na promoción da reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos, contribuíndo á loita contra o cambio climático e á redución dos impactos ambientais derivados da eliminación ineficiente dos residuos.

Finalmente, o Decreto 175/2024, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030, establece as liñas estratéxicas a seguir en materia de prevención, recollida selectiva e valorización de residuos. Este plan está aliñado cos obxectivos da economía circular e da Axenda 2030, centrando a súa atención na loita contra a emerxencia climática e na protección da biodiversidade. A súa implementación supón un avance fundamental para garantir unha xestión máis eficiente dos residuos municipais, cunha clara orientación cara ao desenvolvemento sostible.

No ámbito local, o Pleno da Corporación do Concello de Arteixo, no mes de maio de 2017, aprobou o Plan de Xestión de Residuos Municipais 2018-2025, no que se incluíron diversas medidas innovadoras, como a recollida selectiva en cinco fraccións, a compostaxe doméstica e comunitaria, e a recollida porta a porta para determinados fluxos de residuos. Este plan, centrado nas necesidades do territorio e da súa poboación, reflicte un compromiso decidido coa xestión responsable dos residuos e co cumprimento das normativas sectoriais vixentes.

A ordenanza que se presenta busca dotar ao Concello de Arteixo dun marco normativo que asegure unha prestación coherente e eficiente do servizo de recollida e tratamento de residuos, en plena consonancia coa normativa actual e sectorial aplicable. Ao mesmo tempo, insírese dentro da estratexia global do municipio, que aposta por unha xestión integral dos residuos, optimizando os recursos dispoñibles e garantindo o cumprimento dos estándares legais e ambientais establecidos.

O presente texto legal está estruturado da seguinte maneira:

**Título Preliminar:** Contén as disposicións xerais da ordenanza, incluíndo o obxecto, o ámbito de aplicación, as competencias locais, as obrigas xerais e as actuacións non permitidas. Este título proporciona o marco normativo xeral necesario para a interpretación das disposicións posteriores.

**Título I:** Este título regula a xestión dos residuos no Concello de Arteixo e está organizado en tres capítulos:

- **Capítulo I:** Define a clasificación dos residuos en ordinarios e non ordinarios (especiais), así como as diferentes fraccións de cadansúa categoría. Esta clasificación é fundamental para a aplicación das normativas específicas desta ordenanza.
- **Capítulo II:** Establece a regulación da recollida de residuos ordinarios, diferenciando entre fogares e actividades. Inclúe tamén disposicións sobre o servizo municipal de recollida e aspectos relacionados coa compostaxe.

- Capítulo III: Trata do servizo de recollida dos residuos non ordinarios, abordando as formas de recollida, como o punto limpo e o servizo especial de recollida. Inclúe tamén disposicións específicas para residuos voluminosos, animais de compañía mortos, pilas e baterías e vehículos abandonados.
- Capítulo IV: Versa sobre as obrigas específicas para certos produtores de residuos, co fin de promover a recollida separada e o reciclaxe de alta calidade.

Título II: Esta parte centrase no financiamento do servizo de residuos municipal e no pago por xeración, está subdividido en:

- Capítulo I: Aborda cuestión para un adecuado financiamento da xestión de residuos no Concello de Arteixo e para a sustentación económica do Servizo Municipal de Residuos invocando ao principio de “quen contamina, paga”.
- Capítulo II: Regula o sistema de pago por xeración, tentando que se reflecta de maneira proporcional a distribución do custe dos servizo entre os usuarios.
- Capítulo III: Define e explica os incentivos ambientais potencialmente aplicables para contemplar de maneira inicial nesta Administración o pago por xeración.

Título III: Regula as infraccións e sancións, subdividido en tres capítulos:

- Capítulo I: Establece as normas xerais sobre responsabilidade, denuncias, deber de colaboración e traballos en beneficio da comunidade.
- Capítulo II: Tipifica as infraccións en tres niveis: leves, graves e moi graves.
- Capítulo III: Regula o réxime de sancións, conforme ás disposicións da Lei 7/2022.

A Disposición Adicional aborda o marco competencial necesario para desenvolver os preceptos da presente ordenanza.

As Disposicións Transitorias versan sobre a implantación dos incentivos ambientais e os procedementos iniciados antes da entrada en vigor desta normativa.

A Disposición Derrogatoria anula a Ordenanza aprobada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 26 de outubro de 2017 e as partes relativas á xestión de residuos da Ordenanza Municipal de Policía e bo Goberno. A presente ordenanza reformula e substitúe estas disposicións.

Finalmente, a Disposición Final establece a data de entrada en vigor desta ordenanza.

## **TÍTULO PRELIMINAR. DISPOSICIÓNS XERAIS**

### **Artigo 1. Obxecto**

1. Esta Ordenanza regula o servizo municipal de recollida de residuos, establecendo as responsabilidades do Concello na xestión eficiente e efectiva deste servizo, así como os dereitos e obrigas dos cidadáns e usuarios en relación coa separación e entrega adecuada dos residuos.
2. Esta Ordenanza ten por obxecto regular todas aquelas condutas e actividades relacionadas co depósito e a recollida de residuos de competencia municipal no Concello de Arteixo. O propósito é evitar a xeración de residuos e, cando iso non sexa posible, facilitar a súa xestión mediante a preparación para a reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización material ou enerxética, reducindo así o depósito en vertedoiros. Deste xeito, preténdese conseguir o mellor resultado ambiental global, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.
3. No exercicio das competencias municipais, esta Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo interpretarse e aplicarse en todo momento de acordo coa devandita lexislación.

### **Artigo 2. Ámbito de aplicación**

1. Todas as persoas, tanto físicas como xurídicas, que fagan uso dos medios, instalacións ou servizos habilitados polo Concello de Arteixo para o depósito de residuos, estarán obrigadas a respectar e cumprir rigorosamente o disposto nesta Ordenanza.
2. Así mesmo, deberán adherirse ás normas complementarias ou directrices que se establezan para a correcta interpretación e desenvolvemento da mesma, co fin de garantir unha xestión eficiente e responsable dos residuos e contribuír ao cumprimento dos obxectivos ambientais e de sustentabilidade establecidos polo Concello.

### **Artigo 3. Principios reitores**

Os fundamentos desta ordenanza están enraizados na normativa comunitaria europea, nacional e autonómica, e des-cansan nos seguintes principios fundamentais:

- a. Prevención: minimizar a xeración de residuos desde a súa orixe, fomentando prácticas de redución e un uso eficiente dos recursos.



- b. Preparación para a reutilización: promover a reparación e reutilización dos produtos e materiais para alongar a súa vida útil e reducir a necesidade de novos recursos.
- c. Reciclaxe: fomentar a separación na orixe e a recollida selectiva para garantir unha alta taxa de reciclaxe, facilitando a transformación dos residuos en novos produtos.
- d. Valorización: implantar prácticas que permitan a valorización dos residuos, priorizando a recuperación de materiais e, cando non sexa viable, outras formas de aproveitamento, incluído o enerxético.

#### Artigo 4. Réxime xurídico

O réxime xurídico aplicable ás actividades e condutas reguladas nesta ordenanza estará constituído polo previsto na mesma, na lexislación estatal e autonómica aplicable na materia, e na normativa europea de aplicación directa, particularmente nas seguintes disposicións e nas súas correspondentes normas de desenvolvemento ou aplicación:

- Decisión 2014/955/UE, da Comisión, do 18 de decembro de 2014, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE sobre a lista de residuos, de conformidade coa Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e do Consello.
- Decisión de execución (UE) 2019/1885 da Comisión, do 6 de novembro de 2019, pola que se establecen normas relativas ao cálculo, verificación e comunicación de datos relativos ao vertido de residuos municipais de acordo coa Directiva 1999/31/CE do Consello.
- Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
- Real Decreto 1055/2022, do 27 de decembro, de envases e residuos de envases.
- Real Decreto 265/2021, do 13 de abril, sobre os vehículos ao final da súa vida útil.
- Real Decreto 553/2020, do 2 de xuño, polo que se regula o traslado de residuos no interior do territorio do Estado.
- Real Decreto 646/2020, do 7 de xullo, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiros.
- Real Decreto 293/2018, do 18 de maio, sobre a redución do consumo de bolsas de plástico e polo que se crea o Rexistro de Produtores.
- Real Decreto 110/2015, do 20 de febreiro, sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (segundo as modificacións introducidas polo Real Decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real Decreto 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos (segundo as modificacións introducidas polo Real Decreto 710/2015, do 24 de xullo, o Real Decreto 943/2010, do 23 de xullo e o Real Decreto 27/2021, do 19 de xaneiro).
- Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.
- Real Decreto 1619/2005, do 30 de decembro, sobre a xestión de pneumáticos fóra de uso (segundo as modificacións introducidas polo Real Decreto 731/2020, do 4 de agosto).
- Ley 6/2021, de 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia.
- Decreto 175/2024, do 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Sectorial de Xestión de Residuos Municipais de Galicia 2030.

#### Artigo 5. Definicións

Ademais das definicións incluídas nas disposicións normativas sinaladas no artigo anterior, terase en conta o seguinte:

- a. Residuos domésticos: Residuos non perigosos ou perigosos xerados nos fogares como resultado das actividades domésticas. Tamén se consideran residuos domésticos aqueles semellantes en composición e cantidade aos anteriores xerados en servizos e industrias, que non se xeran como resultado da actividade propia do servizo ou industria. Inclúense nesta categoría os residuos xerados nos fogares de, entre outros, aceites de cociña usados, aparatos eléctricos e electrónicos, téxtil, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así como os residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria. Tamén se considerarán residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados. En calquera caso, aplícase a definición de residuos domésticos recollida na normativa autonómica ou estatal.
- b. Residuos sanitarios de competencia municipal: Residuos xerados no exercicio de actividades médicas ou sanitarias que non requiren requisitos específicos de recollida ou xestión, sen ningún tipo de contaminación específica ou risco

de infección, tanto no interior como no exterior dos centros nos que se xeran. Tamén se inclúen nesta categoría todos aqueles residuos xerados no exercicio de actividades médicas ou sanitarias que presenten características semellantes aos residuos xerados nos fogares como resultado das actividades domésticas. Están compostos por papel, cartón, metais, vidro, restos de comida, residuos de xardinaría, mobiliario e enseres, así como outros tipos de residuos que normalmente se xeran en estancias ou áreas dun centro sanitario ou consulta médica onde non se realizan actividades propiamente sanitarias, como oficinas, comedores, cafeterías, almacéns, salas de espera e similares.

- c. Animais domésticos: Calquera animal pertencente ás especies normalmente alimentadas e mantidas, pero non consumidas, polos seres humanos con fins distintos á gandería. Para os efectos desta ordenanza, considéranse animais domésticos aqueles definidos na normativa vixente como animais de compañía.
- d. Actividades: Para os efectos desta ordenanza, enténdese por actividades todas aqueles procesos, operacións, tarefas, accións e/ou actuacións realizadas por persoas físicas ou xurídicas, entidades ou organismos que xeren residuos. Isto inclúe, as actividades económicas e empresariais, as actividades profesionais, as actividades escolares, as actividades culturais, as actividades recreativas e deportivas, así como as actividades administrativas e institucionais (tanto públicas como privadas) e outras análogas. En todo caso, a referencia ás actividades no marco desta Ordenanza inclúe tamén os comercios e industrias os cales alude a lexislación autonómica e estatal.
- e. Establecemento comercial: Locais e puntos de venda fixos nos que se exercen regularmente actividades comerciais de venda de produtos ao por maior ou ao por menor, actividades de hostalería e restauración ou prestación ao público de servizos de tal natureza, así como calquera outro recinto acoutado que reciba aquela cualificación en virtude de disposición legal ou regulamentaria.
- f. Establecemento comercial de carácter colectivo: O que está integrado por un conxunto de locais ou puntos de venda instalados no interior dun mesmo recinto, parque ou edificación, que conta cunha única licenza de comercialización, aínda que cada un dos locais ou puntos de venda exerza a súa respectiva actividade de forma independente.
- g. Eventos Públicos: Enténdese por tales as seguintes actividades:
  - Espectáculos públicos: Aqueles eventos que congregan a un público que acude co obxecto de presenciar unha representación, actuación, exhibición ou proxección que lle é ofrecida por unha empresa, artistas ou executantes que interveñen por conta desta.
  - Actividades recreativas e deportivas: Aquelas que congregan a un público que acude co obxecto principal de participar na actividade ou recibir os servizos que lle son ofrecidos pola empresa con fins de lecer, entretemento, diversión, deporte e actividade física.
  - Actividades socioculturais: Aquelas susceptibles de congregarse ou concentrarse a un grupo de persoas coa finalidade de participar en actividades sociais e culturais, excluídas as de carácter político ou reivindicativo, tales como manifestacións, mítines políticos ou similares.
- h. Biorresiduo: Residuo biodegradable vexetal de fogares, xardíns, parques e do sector servizos, así como residuos alimentarios e de cociña procedentes de fogares, oficinas, restaurantes, maioristas, comedores, servizos de restauración colectiva e establecementos de consumo ao por menor, entre outros, e residuos comparables procedentes de plantas de transformación de alimentos.
- i. Residuos voluminosos: Aqueles residuos de competencia municipal que presenten características especiais de volume, peso ou tamaño que dificulten a súa recollida a través do sistema de recollida ordinaria.
- j. Compostaxe: Material orgánico hixienizado e estabilizado obtido a partir do tratamento controlado biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compostaxe o material bioestabilizado.
- k. Economía circular: modelo económico que busca optimizar o uso de recursos, prolongando ao máximo o valor dos produtos, materiais e recursos ao longo do seu ciclo de vida. Isto acádase mediante a reutilización, reparación, remanufactura e reciclaxe, reducindo así a xeración de residuos e o uso de recursos naturais. O sistema minimiza o impacto ambiental, evitando a liberación de substancias perigosas e promovendo o deseño de produtos sostibles, aplicando a xerarquía de residuos sempre que sexa necesario.
- l. Envase: Todo produto fabricado con materiais de calquera natureza e que se utilice para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar mercadorías, desde materias primas até artigos acabados, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Tamén se considerarán envases todos os artigos desbotables utilizados con este mesmo fin.



- m. Preparación para a reutilización: operación de valorización que consiste na comprobación, limpeza ou reparación de produtos ou compoñentes que se converteron en residuos, co obxectivo de que poidan ser reutilizados sen necesidade de ningunha transformación adicional. Os produtos ou compoñentes deixan de ser considerados residuos se cumpren as normas técnicas e de consumo aplicables.
- n. Reciclaxe: toda operación de valorización mediante a cal os materiais de residuos son transformados de novo en produtos, materiais ou substancias, tanto se é coa finalidade orixinal como con calquera outra finalidade. Inclúe a transformación do material orgánico, pero non a valorización enerxética nin a transformación en materiais que se vaian usar como combustibles.
- o. Recollida separada: a recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo e natureza, para facilitar un tratamento específico.
- p. Reutilización: calquera operación mediante a cal produtos ou compoñentes de produtos que non sexan residuos son utilizados de novo coa mesma finalidade para a que foron concibidos.
- q. Tratamento: as operacións de valorización ou eliminación, incluída a preparación anterior á valorización ou eliminación.

#### **Artigo 6. Competencias locais**

1. En virtude dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Concello de Arteixo asume como competencia de carácter obrigatorio a prestación do servizo de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos en todo o seu ámbito territorial. Este servizo levarase a cabo conforme ao previsto na presente Ordenanza e en total cumprimento coa normativa estatal e autonómica aplicable en materia de residuos e réxime local. Este marco legal garante que o Concello desenvolva a súa función como ente responsable de proporcionar unha xestión eficiente e sostible dos residuos, contribuíndo á protección do medio ambiente e ao benestar da cidadanía.
2. De acordo co artigo 12.5.e) da Lei 7/2022, o Concello de Arteixo poderá, dentro das súas competencias, asumir a xestión dos residuos comerciais non perigosos. Esta potestade será exercida sempre en consonancia con esta Ordenanza, que establece as condicións e mecanismos para garantir unha xestión adecuada destes residuos. Sen prexuízo do anterior, os produtores de residuos comerciais non perigosos manteñen o dereito a xestionar os seus propios residuos de forma directa, de acordo co disposto no artigo 20.3, segundo parágrafo, da Lei 7/2022. Este enfoque permite unha flexibilidade na xestión, recoñecendo a posibilidade de que determinados produtores teñan a capacidade técnica ou organizativa para xestionar os seus residuos de maneira eficiente, respectando sempre o marco normativo.
3. Conforme ao disposto no artigo 9.3.c) da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, o Concello tamén poderá xestionar tanto os residuos comerciais non perigosos como os residuos domésticos xerados en ámbitos industriais. Estas responsabilidades serán exercidas en conformidade coas disposicións desta Ordenanza, que regulará as condicións específicas para tal xestión. Asemade, os produtores de residuos deste tipo conservarán o dereito a optar pola súa autoxestión, sempre que cumpran coa normativa vixente. No caso de que o Concello o considere, poderá establecer, mediante unha xustificación adecuada e motivada e baseándose en criterios de maior eficiencia e eficacia, a obrigatoriedade de que determinados produtores se integren neste sistema. Este mecanismo busca asegurar unha xestión máis centralizada e controlada cando se xustifique que a autoxestión individual non é a opción máis eficiente ou sostible.
4. Conforme á normativa aplicable, o Concello de Arteixo exercerá a súa potestade de vixilancia, inspección e sanción no ámbito das súas competencias en materia de residuos. Estas atribucións permiten ao Concello garantir o cumprimento das obrigas establecidas, velando pola correcta xestión dos residuos e a protección do medio ambiente. A actuación inspectora e sancionadora é fundamental para disuadir incumprimentos e asegurar que todos os axentes implicados sigan os principios e as normas establecidas.
5. No caso de que non se acaden os obxectivos previstos nesta Ordenanza ou os establecidos na normativa vixente sobre residuos de competencia municipal, o Concello terá a facultade de modificar as medidas establecidas para garantir o cumprimento dos obxectivos de xestión e protección ambiental. Este precepto outorga flexibilidade á administración local para axustar o seu marco regulador en función das circunstancias e necesidades reais, de maneira que poida adoptar as medidas necesarias para mellorar a eficiencia na xestión de residuos e asegurar a protección do medio ambiente.
6. O Concello de Arteixo buscará establecer mecanismos de colaboración con outras entidades, organismos, empresas e axencias, tanto a nivel local como autonómico e estatal, para a mellora continua na xestión de residuos. Esta cooperación incluírá a participación en iniciativas conxuntas e programas de investigación, así como a promoción de políticas públicas que favorezan a xestión sostible dos residuos.

**Artigo 7. Réxime fiscal**

1. A financiación dos servizos municipais de xestión de residuos previstos na presente Ordenanza establecerase na correspondente ordenanza fiscal. En todo caso, garantirase que os servizos de recollida sexan financeiramente sostibles, aplicando o principio de “quen contamina paga” para a repercusión dos custos. Este enfoque asegura que os custos asociados á xestión dos residuos sexan asumidos polos produtores dos mesmos, promovendo unha maior responsabilidade ambiental e a sustentabilidade económica dos servizos municipais

**Artigo 8. Prestación dos servizos**

1. O Concello de Arteixo prestará os servizos de recollida de residuos contemplados na presente Ordenanza, e nos seus instrumentos de desenvolvemento, de maneira individual ou agrupada e baixo calquera das formas de xestión previstas na normativa de réxime local.
2. No caso de residuos domésticos perigosos ou de residuos domésticos cuxas características especiais dificulten a súa xestión ou poidan producir trastornos no transporte, recollida, valorización ou eliminación, o Concello poderá impor aos seus posuidores algunha ou todas das seguintes obrigas:
  - a. que adopten medidas para eliminar ou reducir ditas características,
  - b. que os depositen na forma e lugar que especificamente se teña decidido,
  - c. que a recollida se teña que facer previa solicitude do usuario.
  - d. que os xestionen necesariamente por si mesmos e á marxe do sistema de recollida municipal, mediante a entrega a un xestor autorizado, no caso de que non poidan ser recollidos polos medios previstos polo Concello. Non se poderá adoptar esta medida respecto dos residuos domésticos xerados nos fogares, salvo que unha normativa específica así o estableza, ou o Concello por cuestións motivadas, relacionados con aspectos cuantitativos e cualitativos dos residuos o estableza discrecionalmente.
3. Naquelas situacións consideradas como de emerxencia ou de forza maior nas que non sexa posible prestar o servizo de recollida de maneira normal, e previa constatación, declaración e comunicación polo Concello, poderase alterar ou suspender temporalmente o servizo, debendo nestes casos os usuarios absterse de depositar os seus residuos até o momento en que se normalice o servizo ou até que se diten en cada caso as instrucións oportunas. En ningún caso a aplicación destas excepcións dará dereito a indemnización ou redución do importe que deban aboar os usuarios pola prestación dos servizos.

**Artigo 9. Normas para a xestión responsable de residuos e conciencia ambiental.**

1. É obrigatorio depositar residuos exclusivamente nos lugares oficialmente habilitados para a súa recollida. O uso de puntos autorizados garante unha xestión eficiente dos residuos e minimiza o risco de contaminación e impactos negativos no medio ambiente. Todos os cidadáns e usuarios deben contribuír a manter limpas as áreas públicas utilizando os puntos de recollida designados.
2. Os colectores deben ser utilizados de acordo coa súa categoría específica e coas normas establecidas polo Concello de Arteixo. Esta práctica é fundamental para facilitar o proceso de reciclaxe e tratamento, maximizando a eficiencia do sistema de recollida.
3. É necesario evitar a saturación dos puntos de recollida. Se un punto se atopa completo, os usuarios deben localizar un punto alternativo nas proximidades ou agardar até que o punto estea dispoñible para recibir novos residuos. Esta medida garante a xestión adecuada dos residuos e a salubridade pública.
4. Os usuarios deben respectar os principios de non exclusividade e non rivalidade no uso dos puntos de recollida. É esencial que ningún usuario ou cidadán acapare o uso destes puntos, garantindo así que todos os cidadáns poidan acceder aos servizos de recollida de forma equitativa e eficiente.
5. Está prohibido depositar residuos perigosos, como produtos químicos, pilas ou baterías, en puntos non autorizados. Estes residuos deben ser depositados en puntos de recollida especificamente deseñados para a súa xestión, evitando riscos de contaminación e protexendo a saúde e o medio ambiente.
6. Os residuos voluminosos, como mobles e electrodomésticos, deben ser depositados en puntos específicos que o Concello indicará de maneira puntual e discrecional. Esta obriga asegura que a recollida se realice de maneira ordenada e eficaz, sen afectar a capacidade dos contedores destinados a residuos domésticos de menor tamaño.
7. É necesario manter a limpeza da vía pública e dos espazos verdes, evitando o vertido de residuos en áreas non habilitadas para tal fin. Esta norma contribúe á estética das áreas públicas e á saúde pública, previndo riscos ambientais.
8. Os horarios establecidos para o depósito de residuos deben ser respectados. O incumprimento destas horas pode levar a problemas de acumulación e dificultar a eficiencia do servizo de recollida.

9. A recollida de residuos debe ser realizada exclusivamente por persoas ou entidades autorizadas polo servizo municipal. Esta norma é esencial para garantir que a xestión de residuos se leve a cabo de forma segura e ordenada.
10. É obrigatorio clasificar correctamente os residuos. A correcta clasificación é esencial para asegurar a reciclaxe e tratamento adecuados, e evitar a mestura de diferentes tipos de residuos minimiza o impacto ambiental e promove prácticas sostibles.
11. Os usuarios deben cumprir coas normas de seguridade establecidas para a xestión e o depósito de residuos, especialmente para aqueles clasificados como perigosos. O incumprimento destas normas pode poñer en risco a saúde pública, a seguridade dos traballadores e a protección do medio ambiente.

#### **Artigo 10. Dereitos e participación dos cidadáns**

Os cidadáns, e en xeral, os produtores ou posuidores de residuos domésticos ou urbanos regulados na presente Ordenanza teñen dereito a:

- a. Recibir a prestación do servizo de recollida de residuos domésticos nos termos establecidos nesta Ordenanza.
- b. Recibir información sobre métodos de redución, reciclaxe e recuperación de residuos, así como, sobre tipos de residuos, colectores ou dispositivos para a súa xestión e destino final dos mesmos.
- c. Dispoñer das instalacións, dispositivos, elementos e procesos que lles permitan a separación para a reciclaxe efectiva das fraccións de residuos orgánicos (biorresiduos), papel e cartón, vidro, envases lixeiros, así como os residuos municipais non ordinarios (especiais).
- d. Coñecer os horarios, frecuencias e condicións dos servizo de recollida de residuos urbanos, así como os servizos do punto limpo e outro de similar natureza.
- e. Contar cun servizo de recollida de residuos municipais non ordinarios (especiais)
- f. Ser informados do custe económico da xestión de residuos e do uso da taxa correspondente, dos porcentaxes de recuperación e reciclaxe das distintas fraccións de residuos, así como da forma xeral de toda información de carácter ambiental referida ao ciclo integral da xestión dos residuos municipais.
- g. Realizar solicitudes, reclamacións e suxestións ao Concello en relación coa prestación do servizo.
- h. Denunciar aquelas infraccións das que se teña coñecemento ante os servizos municipais competentes.

### **TÍTULO I. XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS**

#### **Capítulo I. Regulacións básicas**

#### **Artigo 11. Residuos municipais**

1. Consideraranse residuos municipais aqueles cuxa xestión corresponda aos Concellos, conforme á lexislación vixente. Esta definición abrangue todos os residuos sobre os que os Concellos teñen competencias de xestión, de acordo coas normas aplicables.
2. Dentro desta categoría inclúense os residuos domésticos, tanto perigosos como non perigosos, xerados nos fogares como consecuencia das actividades cotiás. Tamén se consideran residuos domésticos aqueles que, por composición e cantidade, son similares aos anteriores e se xeran en servizos e industrias, sempre que non sexan resultado da actividade principal deses servizos ou industrias.
3. Así mesmo, inclúense nesta categoría os residuos xerados nos fogares, como aceites de cociña usados, aparellos eléctricos e electrónicos, téxtiles, pilas, acumuladores, mobles, enseres e colchóns, así como os escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.
4. Terán a consideración de residuos domésticos os residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, ademais de animais domésticos mortos e vehículos abandonados.
5. En todo caso, considéranse residuos municipais os residuos mesturados e os recollidos de forma separada procedentes de fogares, incluíndo papel e cartón, vidro, metais, plásticos, biorresiduos, madeira, téxtiles, envases, residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, residuos de pilas e acumuladores, residuos perigosos do fogar e residuos voluminosos, incluídos colchóns e mobles.
6. Tamén se consideran residuos municipais os residuos mesturados e os recollidos de forma separada procedentes doutras fontes, sempre que sexan similares en natureza e composición aos residuos de orixe doméstica.
7. Para os efectos desta Ordenanza, todo o que se refira aos residuos domésticos debe entenderse como residuos municipais, sen prexuízo das definicións e categorías específicas establecidas noutras normas ou regulamentos aplicables.

**Artigo 12. Residuos excluídos**

1. Quedan excluídos da xestión municipal todos aqueles residuos que non estean definidos como municipais no artigo anterior.
2. Non se consideran residuos municipais os residuos perigosos producidos no sector comercial, nin tampouco os residuos industriais resultantes de procesos de produción, fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento, xerados pola actividade principal da industria.
3. Os residuos municipais tampouco inclúen os residuos procedentes da produción agrícola, silvícola e pesqueira, nin os das fosas sépticas, redes de sumidoiros ou plantas de tratamento de augas residuais, incluíndo os lodos de depuradora, así como os vehículos ao final da súa vida útil e os residuos de construción e demolición.
4. O Concello poderá, por razóns xustificadas, obrigar aos produtores ou posuidores a xestionar os seus propios residuos, especialmente cando se teñan en conta as características cuantitativas e cualitativas destes.
5. Así mesmo, o Concello poderá esixir aos produtores ou posuidores que se encarguen da xestión dos seus residuos de forma autónoma cando a utilización dos puntos de recollida implique exclusividade ou límite de forma sistemática o acceso doutros usuarios. Isto será aplicable, en particular, cando se depositen cantidades anormalmente elevadas de residuos que non se correspondan cunha produción habitual en termos cuantitativos.

**Artigo 13. Depósito de residuos**

1. Os cidadáns están obrigados a separar os residuos domésticos nos seus domicilios, comercios e industrias de acordo coas fraccións establecidas na presente Ordenanza. Esta separación deberá realizarse conforme ás directrices e á serigrafía dispoñible nos lugares de depósito, e os residuos deberán ser depositados nos colectores, lugares e horarios indicados para tal fin.
2. O Concello levará a cabo a recollida das distintas fraccións de residuos municipais a través das seguintes modalidades:
  - Colectores na vía pública para cada fracción de residuos debidamente identificados.
  - Puntos limpos.
  - Porta a porta.
  - Sistema especial de recollida.
  - Outros sistemas que, no seu caso, se poidan establecer; neste senso, o Concello de Arteixo poderá implantar experiencias piloto de recollida en sectores ou contextos concretos na maneira de estudar a viabilidade e indagar unha posible extrapolación parcial ou global a todo o ámbito municipal.

**Artigo 14. Tipos de produtores e/ou lugares de produción**

1. Distínguese no marco desta ordenanza os seguintes produtores ou lugares de produción:
  - a. Vivendas: Refírese aos produtores de residuos que xeran residuos de forma xeral no ámbito do fogar ou en lugares similares.
  - b. Actividades: Inclúe aqueles produtores que xeran residuos municipais como resultado da súa actividade económica, empresarial, profesional, escolar, cultural, recreativa, deportiva, administrativa, institucional e análogas. Ademais, o Concello poderá incluír neste grupo a aqueles produtores que, a pesar de non exercer unha actividade propiamente dita, xeren unha cantidade significativa de residuos que non se poidan incluír no grupo de vivendas. En todo caso, inclúense neste categoría os comercios e industrias.

**Artigo 15. Clasificación dos residuos municipais**

En atención ao sistema de recollida selectiva implantado na Concello de Arteixo os residuos municipais divídense en ordinarios e non ordinarios (especiais).

**Artigo 16. Residuos municipais ordinarios**

1. Son os producidos como consecuencia da normal actividade doméstica no fogar, así como en comercios, oficinas e servizos e os producidos por outros xeradores singulares sempre que se asimilen aos producidos nos anteriores lugares, e os procedentes da limpeza viaria, espazos verdes, áreas recreativas, praias, mercados, feiras, festexos e actos similares.
2. Para a súa recollida e/ou tratamento, estes residuos deberán separarse nas fraccións residuais sinaladas no artigo seguinte

**Artigo 17. Fraccións dos residuos municipais ordinarios**

De conformidade co modelo de residuos do Concello de Arteixo, os residuos municipais ordinarios deberán separarse en orixe nas seguintes fraccións residuais para asegurar á súa correcta xestión:

- 1. Orgánica (biorresiduos):** Esta fracción inclúe residuos susceptibles de ser tratados biolóxicamente. Comprende residuos derivados da manipulación, preparación e consumo de alimentos, así como residuos xerados por entidades como mercados, restaurantes, supermercados, hoteis e comercios de alimentos e produtos perecedoiros. Exemplos desta fracción son restos de alimentos sen envases, carnes, peixes, ósos, verduras, compoñentes celulósicos, restos de poda e xardinería, pelo, e papeis ou cartóns impregnados de fluídos orgánicos.
- 2. Papel e cartón:** Comprende, entre outros, o papel impreso, o papel para escritura e de ordenador, así como as caixas, envases e embalaxes feitos destes materiais. Non se deben incluír nesta fracción o papel moeda, o papel celulósico de uso sanitario, nin o papel impreso que conteña unha cantidade excesiva de tinta. Tamén quedan excluídos os envases de cartón que, tras conter alimentos, queden impregnados de graxas ou restos de comida.
- 3. Vidro:** Inclúe os residuos de envases de vidro, tales como botellas, tarros e botes, todos eles baleiros e sen tapas, cortizas ou tapóns. Non se deben incluír nesta fracción os vasos e copas de cristal, os cristais planos nin os produtos de cerámica.
- 4. Envases lixeiros:** Considérase envase lixeiro todo produto fabricado con diversos materiais utilizados para conter, protexer, manipular, distribuír e presentar alimentos, bebidas e outras mercadorías, en calquera fase da cadea de fabricación, distribución e consumo. Tamén se consideran envases todos os artigos desbotables cunha finalidade similar. Dentro desta categoría, os envases lixeiros son aqueles cunha baixa relación peso/volume, como botellas e botes de plástico, plástico filme, latas, brics, e cartón para bebidas, así como outros envases mixtos.
- 5. Resto:** Esta fracción comprende os residuos domésticos ou urbanos que non poden ser segregados nas fraccións anteriores e que non se consideran residuos non ordinarios (especiais). É importante destacar que, en ningún caso, debe considerarse como fracción resto os residuos perigosos xerados nos fogares o outro lugar de produción, os cales deben ser xestionados, no caso dos fogares, como residuos non ordinarios a través do punto limpo municipal.

#### Artigo 18. Fluxo dos residuos ordinarios

- Os residuos ordinarios recóllense a través de colectores situados na vía pública, que están dispostos para facilitar a separación e recollida dos diferentes tipos de residuos.
- Para a fracción orgánica (biorresiduos), é posible que ademais da contenerización esta se desvíe ao sistema de compostaxe, xa sexa individual ou comunitario, se tal sistema está dispoñible.
- Opcionalmente, tamén se poden establecer sistemas de recollida denominados “porta a porta”, especialmente para aquelas fraccións de residuos cuxas características ou cantidades fagan deste sistema a opción máis adecuada.

#### Artigo 19. Residuos municipais non ordinarios (especiais)

- Os residuos non ordinarios ou especiais son aqueles que non se encaixan nas fraccións ordinarias de biorresiduos (orgánica), envases lixeiros, vidro, papel e cartón, ou resto.
- Asemade, distínguense da fracción resto debido á súa composición, características, ou volume, que dificultan ou imposibilitan a súa xestión convencional. Estes residuos requiren unha atención específica debido ao seu potencial para comprometer a recuperación doutras fraccións ou polo risco que representan para o medio ambiente e a saúde pública.
- Exemplos de residuos non ordinarios ou especiais inclúen aparellos eléctricos e electrónicos, como televisores e frigoríficos; residuos voluminosos e enseres, tales como mobles e colchóns; residuos domésticos perigosos, como produtos químicos e disolventes; pilas e baterías; pneumáticos de vehículos; residuos de construción e demolición procedentes de obras menores; aceites e graxas usadas; e tamén roupa, calzado e outros téxtiles. Estes residuos requiren unha xestión diferenciada para garantir a súa correcta manipulación e disposición.

#### Artigo 20. Fluxo dos residuos non ordinarios (especiais)

- Os residuos non ordinarios (especiais) deberán ser depositados nos puntos limpos municipais habilitados para tal efecto. Estes residuos deben ser entregados directamente nas instalacións especializadas designadas polo Concello para asegurar a súa adecuada xestión.
- Para facilitar a xestión destes residuos, o Concello poderá tamén establecer puntos limpos móbiles ou puntos de entrega específicos, adaptados ás necesidades dos usuarios.
- No caso dos residuos voluminosos e enseres, como mobles ou colchóns, os cidadáns poderán solicitar o Servizo Especial de Recollida, que se encargará da súa retirada nos termos que se establecen nesta ordenanza.
- En relación coas fraccións de roupa e téxtiles, así como aceites e graxas comestibles, estes deberán ser depositados en colectores especialmente habilitados na vía pública para tal fin, o no seu caso, no punto limpo.



5. De forma ocasional, poderán habilitarse pequenos colectores ou puntos de entrega situados en lugares estratéxicos para a recollida de pilas, teléfonos móbiles e outros residuos non ordinarios análogos, mellorando así a accesibilidade e a eficiencia na súa xestión.

#### **Artigo 21. Titularidade dos residuos**

1. Os residuos de competencia municipal regulados nesta Ordenanza terán sempre un titular responsable, calidade que corresponderá ao produtor ou ao posuidor dos mesmos.
2. Unha vez entregados os residuos para a súa xestión de conformidade coas prescricións contidas nesta Ordenanza e demais normativa aplicable, o Concello adquire a propiedade sobre os mesmos quedando os produtores, posuidores ou xestores exentos de responsabilidade polos danos que tales residuos puidesen causar.

#### **Artigo 22. Obrigas e responsabilidades dos produtores ou posuidores dos residuo**

1. Os produtores e posuidores de residuos que sexan usuarios do servizo de recollida municipal están obrigados a:
  - a. Utilizar o servizo de recollida municipal están obrigados a reducir o volume dos residuos xerados sempre que sexa posible e a depositalos de forma que se aproveite ao máximo a capacidade dos colectores ou puntos de almacenamento habilitados para tal efecto. Este proceder contribúe á eficiencia na xestión dos residuos e á optimización dos recursos dispoñibles.
  - b. Mentres se atopen no seu poder, os posuidores de residuos domésticos ou urbanos están obrigados a almacenalos nas debidas condicións de seguridade e hixiene, tales que non supoñan ningún risco ou produzan molestias por cheiros, proliferación de insectos, lixiviados, dispersións ou calquera outra causa, cumprindo coa lexislación sanitaria correspondente.
  - c. Os residuos deben ser separados correctamente en orixe, seguindo as fraccións establecidas na presente Ordenanza. Esta separación debe facerse de acordo cos criterios especificados para cada tipo de residuo, garantindo que os residuos se depositen nos contedores ou puntos de recollida destinados a tal fin. A separación adecuada facilita o proceso de reciclaxe e a valorización dos materiais, minimizando o impacto ambiental.
  - d. A fracción resto e a fracción orgánica deberán ser depositadas en bolsas adecuadamente pechadas para evitar a súa dispersión e contaminación. As bolsas deben ser compostables ou biodegradables, seguindo os requisitos establecidos para garantir a súa descomposición adecuada e reducir o impacto ambiental.
  - e. Os usuarios están obrigados a cumprir cos horarios establecidos para o depósito e a entrega de residuos. O incumprimento destes horarios pode afectar a eficiencia do servizo de recollida e provocar a acumulación indebida de residuos, impactando negativamente na limpeza e seguridade das áreas públicas.
  - f. Os residuos ou desperdicios xerados en vías públicas ou en espazos de uso público (como praias, parques e xardíns) deben ser depositados nas papeleiras ou contedores habilitados para tal fin. No caso de non existir papeleiras ou contedores axeitados nas proximidades, os residuos deben ser depositados nos contedores máis próximos, segundo a súa fracción e natureza.
  - g. Se un contedor está cheo ou completo, os usuarios deben absterse de depositar residuos neste contedor e buscar o contedor máis próximo ou esperar ao seu baleirado para o depósito dos residuos. Se esta situación se produce de forma sistemática e continua en algún colector, recoméndase informar ao Concello a través dos contactos habilitados para que se poidan estudar e resolver posibles problemas de saturación.
  - h. Os posuidores de animais domésticos, agás as persoas invidentes que sexan titulares de cans guía, deben recoller as deposicións evacuadas polos seus animais na vía pública e en espazos públicos. Estas deposicións deben ser depositadas nos contedores identificados para este fin ou, no colector da fracción resto, e no seu defecto, nas papeleiras situadas nos espazos públicos. Esta obriga é fundamental para manter a limpeza e a salubridade dos espazos públicos, previndo a contaminación e a propagación de enfermidades.
  - i. Os produtores de residuos deberán asumir a responsabilidade por calquera inobservancia das normas establecidas nesta Ordenanza. En caso de incumprimento, o Concello poderá adoptar medidas correctivas e aplicar sancións conforme ao establecido na normativa aplicable, garantindo así a eficacia do sistema de xestión de residuos e a protección do medio ambiente.
2. Os produtores e posuidores de residuos domésticos comerciais non perigosos que non utilicen o servizo de recollida municipal, deberán separar na orixe, por fraccións, e xestionar os residuos de conformidade coa normativa aplicable, e acreditar documentalmente ao Concello a correcta xestión de tales residuos, de acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 20.3 da Lei 7/2022. A tal fin deberán:



- a) Separar na orixe e manter os citados residuos en condicións adecuadas de hixiene e seguridade mentres se atopen no seu poder, e entregalos en condicións adecuadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
  - b) Dispor do documento acreditativo da correcta recollida e tratamento de tales residuos, e remitilo ao Concello e ao organismo competente en residuos da Comunidade Autónoma cando sexa requerido para iso. Se da documentación se manifesta unha xestión incorrecta ou deficitaria dalgún dos residuos regulados neste apartado, esta deberá remediarse no prazo dun mes, de non ser así o produtor deberá adherirse ao servizo municipal de recollida.
3. Os cidadáns comunicarán ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados ou lixo disperso na vía ou espazos públicos.

#### **Artigo 23. Promoción da separación en orixe e separación selectiva**

1. O Concello de Arteixo promoverá a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a axentes sociais representativos (sectores comerciais, industriais, profesionais, colexios, institucións, asociacións veciñais, comunidades de propietarios, etc.).
2. Así mesmo, o Concello elaborará guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.
3. O Concello promoverá o uso de produtos fabricados con materiais reutilizables e reciclables, así como a súa integración na contratación pública de obras e subministracións.

#### **Artigo 24. Prohibicións**

No marco desta ordenanza establécense as seguintes prohibicións:

1. Prohibicións xerais:
  - a. Abandonar, depositar, verter ou eliminar residuos en todo o termo municipal (na vía pública, marxes dos ríos, praias, estradas ou camiños e solares públicos ou privados) de forma incontrolada e con incumprimento dos preceptos recollidos nesta Ordenanza.
  - b. Deixar depositados residuos fora dos colectores ou lugares habilitados para tal fin.
  - c. Situar vehículos ou outros elementos diante dos colectores situados en vía pública ou de forma que se impida a súa recollida polos operarios do servizo de recollida.
  - d. Mover ou trasladar os colectores do seu emprazamento e manipular os elementos de suxeición dos mesmos ou as súas placas de identificación.
  - e. Pegar, adherir ou fixar calquera tipo de cartelería, adhesivo, material publicitario ou calquera outro elemento nos colectores.
  - f. Manipular os residuos despois de que fosen depositados nos colectores ou na vía pública nas modalidades de recollida que se realicen directamente sobre ela (recollida de voluminosos, porta a porta de cartón comercial, etc..) ou romper ou abrir as bolsas de lixo, así como calquera outro acto que poida motivar a caída e diseminación dos residuos pola vía pública.
  - g. Evacuar calquera tipo de residuos (sólido ou líquido) na rede de sumidoiros ou á canle pública, así como instalar trituradoras de residuos conectados á rede de saneamento. En todo caso, esta acción queda supeditada ao establecido na Ordenanza nº 41, de verteduras e do servizo municipal de saneamento do Concello de Arteixo
  - h. Incinerar residuos en todo o territorio municipal, coa excepción daquelas instalacións ou eventos autorizados. Non estarán permitidos os cremadores ou incineradores domésticos. Exceptúanse deste precepto, as queimas de restos agrícolas e forestais regulados na *Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, nos termos que nela se establecen.
2. Presentación dos residuos e emprego dos colectores:

Queda expresamente prohibido:

  - a. Depositara bolsas ou residuos soltos fóra dos colectores e/ou na vía pública. Os residuos soltos de escasa entidade depositaranse nas papeleiras.
  - b. Depositara residuos ordinarios sen separar nas correspondentes fraccións e/ou en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos en vía pública para outra clase de residuos.
  - c. Depositara residuos ordinarios en colectores non homologados polo Concello.

- d. Depositar residuos en colectores asignados para uso privado salvo polo titular dos mesmos.
- e. Introducir nos colectores residuos voluminosos do fogar, animais de compañía mortos, residuos de construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos ao colector.
- f. Depositar nos colectores situados en vía pública algún dos residuos definidos como especiais no marco desta Ordenanza.
- g. Depositar residuos líquidos, ou susceptibles de licuarse, que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública, nin materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamables, explosivos, nocivos, perigosos.
- h. Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, salvo no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida comercial.
- i. Depositar residuos nos colectores da fracción orgánico ou resto sen bolsa.

### 3. Produtores de residuos procedentes das actividades:

Ademais das prohibicións previamente mencionadas, establécense as seguintes prohibicións específicas para as actividades:

- a. Colocar ou retirar colectores de uso privado fóra dos horarios establecidos ou das zonas sinaladas ou acordadas co Concello.
- b. Empregar colectores de uso privado sen ser o titular autorizado ou sen a debida autorización por parte do Concello.
- c. Utilizar colectores de uso colectivo de forma exclusiva ou prexudicando o seu uso compartido por parte dos residentes ou outras actividades.
- d. Depositar nos colectores de uso colectivo cantidades de residuos que excedan as permitidas ou realizar verteduras masivas, comprometendo o uso habitual destes por parte das vivendas e provocando a súa saturación ou mal funcionamento.
- e. Abandonar residuos voluminosos ou perigosos (como materiais tóxicos, inflamables ou eléctricos) nos colectores de uso colectivo, que deben ser xestionados a través de sistemas específicos de recollida ou pola súa conta.
- f. Deixar os colectores abertos ou sen tapa despois do seu uso, favorecendo a dispersión de residuos ou o acceso a pragas.
- g. Depositar nos colectores de uso privado ou colectivos residuos que non correspondan á fracción asignada, incumprindo a segregación establecida para a recollida selectiva.
- h. Alterar ou danar os colectores, sistemas de peche ou os elementos identificativos que os diferencian como de uso privado ou colectivo.
- i. Manipular ou trasladar os colectores de maneira que interfiran no normal desenvolvemento das tarefas de recollida e transporte de residuos por parte dos servizos municipais ou de xestión autorizada.
- j. Utilizar colectores sen cumprir as normas establecidas en relación á hixiene e limpeza, tanto do colector como das zonas de depósito, evitando molestias ou riscos para a saúde pública e o medio ambiente.

### 4. Residuos de construción, demolición e obras menores:

Prohíbese expresamente o depósito directo, abandono e vertedura dos residuos de construción e demolición e de obras en xeral en:

- a. A vía pública, marxes dos ríos, estradas ou camiños, solares e terreos públicos que non fosen expresamente autorizados para tal finalidade. As provisións de materiais de obra e almacenamentos temporais de materiais ou elementos mecánicos destinados á obra en calquera destes lugares deberán estar, así mesmo, expresamente autorizados e as súas correspondentes taxas fiscais abonadas.
- b. Terreos de propiedade particular, excepto nos casos nos que o seu propietario ou posuidor dispoña da obrigada autorización emitida pola autoridade competente, que deberá acreditarse ante o Concello. A falta de autorización, os propietarios ou posuidores responderán solidariamente cos causantes dos danos que o depósito, abandono ou vertedura destes residuos poidan producir ao medio ambiente ou que menoscaben a hixiene ou ornato público.
- c. A súa botadura nas colectores municipais de uso colectivo situados na vía pública.

### 5. Cadáveres de animais de compañía

En relación cos animais de compañía prohíbese o seguinte:

- a. Abandonar ou depositar cadáveres ou restos de animais na vía pública, solares e calquera clase de terreo público ou privado.
  - b. Depositarse cadáveres de animais nos colectores de residuos ou nos de obras, e nas súas proximidades, así como nas papeleiras.
  - c. Incinerar a título particular cadáveres de animais.
6. Escouras e cinzas procedentes de grellas
- a. As cinzas de grellas deben estar totalmente frías antes de ser manipuladas e colocadas en bolsas pechadas.
  - b. Estas deberán depositarse no colector da fracción resto en bolsas resistentes e pechadas.
  - c. De ser o caso, tamén se pode empregar o punto limpo para o seu depósito.

## Capítulo II. Recollida dos residuos municipais ordinarios

### Sección I. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios mediante colectores de uso colectivo

#### Artigo 25. Sistema de recollida en colectores de uso colectivo

1. A recollida selectiva en colectores é un servizo municipal de prestación obrigatoria; para tal fin, utilizaranse os medios adecuados para garantir a recollida óptima e segregada de cada unha das fraccións depositadas selectivamente pola cidadanía.
2. Este servizo está concibido principalmente para a recollida de residuos ordinarios procedentes dos fogares. Con todo, tamén poden utilizalo as actividades, sempre que a cantidade de residuos xerados sexa reducida e non afecte á capacidade de recollida dos residuos domésticos das vivendas, evitando así a súa saturación.
3. Para proceder á recollida das distintas fraccións de residuos ordinarios procedentes dos fogares (e no seu caso das actividades) será obrigatorio o seu previo depósito en colectores de uso colectivo situados nas áreas de aportación, as cales se distribuirán estratexicamente polo termo municipal. Cada fracción deberá depositarse nos colectores específicos destinados para tal efecto, tal e como se dispón no punto seguinte.
4. Distínguense dous tipos de áreas de aportación dos residuos:
  - Área de aportación multifracción  
Estas áreas sitúanse en zonas de alta densidade de poboación ou naquelas, que sen cumprir esta previsión, poidan ter unha localización estratéxica para o seu uso por parte dos usuarios. Estarán constituídas polos cinco colectores que a continuación se detallan e que se corresponden coas fraccións de separación selectiva definidas nesta ordenanza para os residuos ordinarios:
    - Colector de tapa marrón: destinado á recollida da fracción orgánica (biorresiduos)
    - Colector de tapa azul: destinado á recollida de papel e cartón
    - Colector de tapa verde: destinado á recollida do vidro
    - Colector de tapa amarela: destinado á recollida de envases lixeiros
    - Colector de tapa gris: destinado á recollida da fracción resto
  - Área de aportación sinxela  
Estarán localizadas en áreas de poboación dispersa, en torno a vivendas y edificacións illadas, ou en zonas onde, por motivos de operatividade, espazo ou eficiencia, non se poida instalar un sistema de áreas de aportación multifracción. Estas zonas contarán cun único colector, que se detalla a continuación:
    - Colector de corpo e tapa gris: destinado a recollida da fracción resto
5. Sen prexuízo do disposto neste artigo, o Concello de Arteixo poderá, por motivos xustificadas ou circunstancias específicas, implementar outros sistemas de recollida de residuos para as fraccións mencionadas en zonas concretas do termo municipal. Unha vez establecidos, estes sistemas serán considerados servizos de uso obrigatorio para os veciños nas áreas onde se adopten. O Concello elaborará as normas complementarias necesarias para regular as condicións de prestación do servizo e o uso destes sistemas por parte dos usuarios.
6. Así mesmo, o Concello poderá ampliar a tipoloxía de colectores sinalada neste artigo para a separación en orixe e depósito doutras fraccións específicas de residuos ordinarios.

#### Artigo 26. Frecuencia da recollida dos colectores

1. A frecuencia de recollida nas distintas áreas e tipos de colectores establecerase en función de criterios de optimización e eficiencia, co fin de garantir un servizo eficaz e adecuado ás necesidades de cada zona, minimizando os impactos ambientais e económicos asociados á xestión dos residuos.

2. O Concello de Arteixo programará a recollida dos colectores de uso colectivo das fraccións ordinarias, asegurando a eficiencia do servizo e minimizando as molestias para os cidadáns.

#### **Artigo 27. Localización dos colectores de uso colectivo**

1. O Concello será o único competente para proceder á instalación de colectores en vía pública e determinará o número, volume e localización dos mesmos, conxugando aspectos de proximidade aos usuarios e operatividade e eficiencia do sistema de recollida. Estas consideracións realizaranse a partir dos estudos de viabilidade e as lóxicas indicacións e suxestións recibidas tanto do servizo de recollida, dos propios usuarios e dos Sistemas Integrados de Xestión.
2. A localización das áreas de aportación realizarase de tal modo que, sen alterar en exceso a estética da contorna, non dificulten o tráfico nin as manobras de aparcadoiro dos vehículos e ocupando a mínima superficie posible.
3. Todos os colectores convencionais deberán contar con condicións que garantan a inmovilidade, xa sexa debido ao seu peso, configuración ou mediante sistemas de ancoraxe homologados que impidan o seu desprazamento por inclemencias meteorolóxicas ou outras causas non xustificadas. Aqueles colectores que só poidan ser movidos mediante grúa estarán exentos de sistemas adicionais de suxeición. Os mecanismos de ancoraxe ou inmovilización, cando sexan aplicables, só poderán ser retirados no momento da recollida polos operarios do servizo, ou con autorización expresa do Concello en situacións excepcionais.
4. Ningún usuario poderá modificar a localización dos colectores de uso colectivo fixada polo Concello.

#### **Artigo 28. Limpeza e mantemento dos colectores de uso colectivo**

1. O Concello asumirá a responsabilidade integral pola limpeza, conservación e mantemento dos colectores de uso colectivo, así como dos sistemas de suxeición e dos espazos que estes ocupan. Esta tarefa inclúe a realización de inspeccións regulares para garantir que os colectores se manteñan en condicións óptimas e non interfiran coa estética e funcionalidade dos espazos públicos.
2. Co obxectivo de garantir unha xestión eficiente dos residuos e minimizar os impactos ambientais, o Concello efectuará a limpeza e desinfección periódica dos colectores. Estas operacións estarán orientadas á eliminación de sucidade, malos cheiros, publicidade non autorizada e pintadas. A frecuencia das accións de mantemento será establecida en función do uso e do estado dos colectores, asegurando en todo momento unhas condicións hixiénicas e visuais axeitadas.
3. Cando se detecte o final da vida útil de calquera compoñente dos colectores, ou se identifiquen ausencias, desaparicións ou danos graves (como en rodas, tapas ou mecanismos de suxeición), o Concello procederá á súa substitución de forma inmediata. Esta reposición urxente ten como finalidade manter a operatividade e seguridade dos colectores, evitando interrupcións no servizo e garantindo a súa funcionalidade para todos os usuarios.

#### **Artigo 29. Presentación dos residuos ordinarios nos colectores de uso colectivo**

1. Os residuos das fraccións orgánica e de resto deberán ser depositados nos colectores de uso colectivo correspondentes, utilizando bolsas de plástico pechadas, preferentemente compostables ou biodegradables. Para a fracción orgánica, é obrigatorio o uso exclusivo de bolsas compostables ou biodegradables. Estas bolsas deben ter unha capacidade inferior a 50 litros, estar ben pechadas e adaptarse adecuadamente ao colector, co obxectivo de evitar problemas na súa manipulación, previr a dispersión de residuos e vertidos na vía pública, e reducir o risco de danos ou lesións ao persoal encargado da xestión dos residuos.
2. Para as fraccións de papel-cartón e vidro, os residuos deberán ser depositados de forma unitaria e sen bolsas nos colectores específicos ou nos puntos de achega establecidos para o servizo de recollida comercial. O papel-cartón deberá presentarse dobrado ou encartado para facilitar a súa compactación e manexo. No caso dos envases de vidro, estes deberán ser entregados baleiros e sen tapas, garantindo unha correcta separación e reciclaxe.
3. No caso dos envases lixeiros, estes poderán depositarse de maneira unitaria ou agrupados en bolsas de pequeno tamaño, que permitan o depósito conxunto de varios envases no colector, asegurando así unha maior eficiencia no proceso de recollida e tratamento.

#### **Artigo 30. Normas de utilización dos colectores de uso colectivo**

1. Deberán observarse as seguintes normas de uso:
  - a. É imprescindible que os residuos se depositen no colector correspondente á súa fracción específica (orgánica, papel-cartón, vidro, envases lixeiros e resto). Esta segregación adecuada é fundamental para asegurar a eficiencia na xestión e no tratamento dos residuos, facilitando así o proceso de reciclaxe e minimizando a contaminación cruzada entre diferentes tipos de residuos.

- b. Sempre que sexa posible, os usuarios deben utilizar os colectores máis próximos ao lugar onde se xeran os residuos. Se un colector se atopa cheo, os residuos deben depositarse en outro colector próximo da mesma fracción para evitar desbordamentos. Esta práctica axuda a manter a limpeza e orde pública, evitando que os residuos se acumulen na vía pública e garantindo un servizo de recollida máis eficaz.
- c. En xeral, os residuos de gran tamaño cortaranse en anacos, compactarán e/ou encartarán para que ocupen o menor volume posible antes de depositalos no colector correspondente.
- d. O Servizo Municipal de Limpeza depositará os residuos de limpeza manual de rúas e baleirado de papeleiras no colector da fracción resto, salvo os restos de follas e vexetación, que deberán depositarse nos colectores de orgánica ou específicos destinados a tal fin.
- e. Cumprir rigorosamente cos horarios de depósito de residuos establecidos nesta Ordenanza ou os que determine o Concello.
- f. No caso de que o colector conte con tapa, esta deberase pechar despois de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou animais.

#### **Artigo 31. Horario para o depósito de residuos en colectores de uso colectivo**

- 1. As fraccións orgánica (biorresíduos), envases lixeiros, vidro, papel e cartón e resto poderán depositarse a calquera hora do día nos colectores específicos dispostos na vía pública para este fin. Non obstante, o Concello poderá, por motivos xustificadas, restrinxir a un horario concreto algunha ou todas as fraccións de residuos ordinarios definidos.
- 2. Os establecementos comerciais e os establecementos de hostalería e restauración adheridos ao sistema de recolleita porta a porta, así como os centros colaboradores, deberán depositar estas fraccións segundo os días, horarios e forma establecidos ou acordados para estas modalidades de recollida.
- 3. O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

#### **Artigo 32. Operacións que comprende a recollida dos residuos ordinarios depositados en colectores de uso colectivo**

O servizo municipal de recollida dos residuos ordinarios levará a cabo as seguintes actuacións:

- a. Traslado e baleirado dos colectores de cada fracción nos vehículos de recollida.
- b. Devolución dos colectores, unha vez baleiros, aos puntos orixinarios, debidamente colocados, coa apertura de tapa ou cara ao interior da beirarrúa e debidamente suxeitados ou ancorados.
- c. Retirada dos restos vertidos en vía pública como consecuencia destas operacións.
- d. Transporte e descarga dos residuos nas plantas de tratamento ou outro lugar ou instalación designada polo Concello.
- e. Mantemento, lavado e reposición dos colectores e outros puntos de recollida municipal, con excepción daqueles colectores que sexan de uso privado.
- f. Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

#### **Artigo 33. Programación de servizos**

O Concello fará pública e divulgará coa suficiente antelación calquera modificación relativa á frecuencia, horario ou forma de prestación dos distintos servizos de recollida municipais, fóra das disposicións ditadas pola Alcaldía en casos de emerxencia.

#### **Artigo 34. Recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións e implantacións e solo rústico**

- 1. A recollida de residuos e localización de colectores en novas urbanizacións realizarase de acordo con algunha das seguintes situacións:
  - a. Para a aprobación de proxecto de obras de urbanización derivadas da transformación do solo urbanizable ou urbano no consolidado, o proxecto de urbanización contemplará tanto a situación dos colectores como o seu número e tipoloxía, sendo preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.
  - b. No solo urbano consolidado, no caso de producirse un aumento do aproveitamento urbanístico superior ao 30% -tanto en edificabilidade como en valor por cambio de uso- implicará a necesidade de novas dotacións públicas e polo conseguinte o reforzo dos servizos urbanísticos existentes; este reforzo será indicado polo departamento responsable do servizo de recollida de residuos o cal emitirá informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles.

A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

- c. Para o outorgamento de licencias de obras en solo urbano consolidado que precisen de proxecto de obras ordinarias de urbanización, que excedan da reposición e renovación das existentes, será preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.
2. As actuacións de edificación que non precisen proxecto de obras ordinarias de urbanización do parágrafo anterior non están suxeitas ás exigencias do mesmo e, en consecuencia, de informe previo en materia de recollida de residuos
3. Para o outorgamento de licencias de obras e autorizacións para a implantación de actividades permitidas en solo rústico, será preceptivo que o departamento responsable do servizo de recollida de residuos emita informe ao respecto no prazo de 10 días hábiles. A ampliación do número de colectores e as obras que se precisen para a súa implantación correrán a cargo do promotor das obras.

## **Sección II. Fomento da compostaxe**

### **Artigo 35. Obxectivos da compostaxe**

Atendendo ao principio ambiental de solución dos problemas, preferentemente en orixe, o Concello de Arteixo fomentará a implementación de sistemas de compostaxe; os obxectivos que se persiguen con esta acción son os seguintes:

- Pechar o ciclo da materia orgánica, ao dar valor ao residuo como recurso.
- Reducir o transporte da fracción orgánica a planta de tratamento.
- Empregar o *compost* producido como abono no canto doutros abonos químicos o que redundará nunha mellora da fertilidade, estrutura e funcionalidade da terra.
- Sensibilizar e formar a cidadanía en relación ao medio ambiente xa que cada persoa participa no proceso de xestión dos residuos que ela mesma xera.
- Promover a participación cidadá, tanto no plano individual como no colectivo.

### **Artigo 36. Compostaxe nos fogares**

1. O Concello promoverá a compostaxe naqueles fogares que reúnan as condicións para desenvolver esta actividade e que poidan dar cumprimento aos obxectivos establecidos no artigo anterior.
2. Paralelamente, o Concello poderá realizar campañas de formación específicas entre a poboación co obxecto de lograr un bo desempeño da compostaxe.
3. Asemade, o Concello de Arteixo poderá facilitar os medios necesarios e apoio técnico ás persoas que acrediten que reúnen as condicións necesarias para o desempeño da compostaxe de maneira eficiente, eficaz e segura no seu fogar.
4. En relación coa compostaxe nos fogares, e/ou actividades establecerase un incentivo ambiental que se desenvolverá no Título II desta ordenanza.

### **Artigo 37. Zonas de compostaxe comunitaria**

1. Nas zonas que se determinen, o Concello de Arteixo poderá habilitar zonas de compostaxe comunitaria para o tratamento dos residuos susceptibles de ser compostados.
2. Os usuarios destas zonas deberán observar as normas de uso que se establezan para cada zona, especialmente no referente a materiais compostables, formas nas que se debe facer o depósito e os horarios de uso da zona.

## **Sección III. Outras formas de recollida dos residuos ordinarios**

### **Artigo 38. Recollidas específicas denominadas “porta a porta”**

Co obxectivo de acadar as maiores taxas de reciclaxe e facilitar a separación en orixe, o Concello poderá implantar a recollida porta a porta para as fraccións ordinarias, tendo en conta os seguintes requisitos:

- a. Os residuos deberán depositarse de forma separada segundo as fraccións establecidas, en cubos ou colectores autorizados polo Concello. A cantidade introducida non deberá dificultar a recollida por parte dos operarios; en todo caso, o peso máximo permitido para os cubos, colectores ou recipientes será de 30 quilos.
- b. A recollida será realizada no propio establecemento, local ou centro xerador dos residuos, dentro do horario de apertura. Os cubos ou colectores deberán ser dispostos para a recollida e retirados inmediatamente despois de ser recollidos.



- c. Os establecementos, locais ou centros deberán facilitar a entrega correcta dos residuos e garantir a separación selectiva. No caso de incumprimento, os residuos poderán ser rexeitados e a xestión dos mesmos recaerá sobre o produtor ou posuidor, ademais da posibilidade de sanción derivada da infracción da ordenanza.
- d. O Concello poderá establecer directrices específicas para cada establecemento, local ou centro, co fin de optimizar o servizo de recollida.

#### **Artigo 39. Outras recollidas específicas de residuos ordinarios**

O Concello terá a facultade de establecer, de forma directa ou a través da celebración de convenios de colaboración, recollidas específicas dirixidas a xeradores singulares de residuos ordinarios, co obxecto de garantir a adecuada xestión e tratamento destes residuos conforme á normativa vixente.

#### **Sección IV. Servizo municipal de recollida de residuos ordinarios para as actividades**

##### **Artigo 40. Formas de recollida dos residuos ordinarios das actividades**

1. As actividades poden depositar os residuos ordinarios en colectores de uso privado para cadansúa fracción.
2. Os colectores de uso privado serán propiedade do titular da actividade, quen asumirá a responsabilidade dos gastos de adquisición e do mantemento adecuado dos mesmos en todo momento.
3. O Concello determinará a tipoloxía de colectores necesarios para cada fracción de residuos, asegurando a compatibilidade técnica coas características dos vehículos de recollida dispoñibles. Esta medida facilitará un proceso de carga e descarga eficiente e seguro. Adicionalmente, o Concello proporcionará información detallada a cada actividade sobre a disposición, especificacións e requisitos operativos dos colectores asignados, co fin de optimizar a xestión dos residuos.
4. En ningún caso as actividades poderán depositar residuos non ordinarios (especiais) e/ou perigosos nos colectores de uso privado.
5. Ademais, o Concello poderá dispoñer, de forma discrecional, un sistema de recollida porta a porta, especialmente para as fraccións de residuos orgánicos, vidro, envases lixeiros e papel e cartón.
6. Como norma xeral, as actividades non poderán utilizar os colectores de uso colectivo situados na vía pública destinados á recollida ordinaria, agás cando a cantidade depositada sexa mínima e non interfira co depósito de residuos procedentes dos fogares. En ningún caso, os titulares de actividades poderán empregar os colectores de uso colectivo de maneira exclusiva ou limitar o depósito de residuos dos fogares.
7. O Concello poderá establecer, de forma discrecional, as modalidades e métodos de recollida dos residuos para cada actividade, adaptándose ás necesidades específicas de cada unha.

##### **Artigo 41. Recintos para a localización de colectores de uso privado das actividades**

1. Os titulares das actividades están obrigados a habilitar recintos específicos dentro das súas instalacións para a localización dos colectores de uso privado, asegurando o acceso adecuado dos vehículos recolectores municipais para a recollida dos residuos.
2. Os titulares das actividades deberán garantir a seguridade e hixiene nas áreas de ubicación dos colectores, asegurando que as operacións de carga e descarga dos vehículos recolectores, así como o tránsito no interior das instalacións, se realicen de maneira segura e eficiente. As zonas de tránsito, entrada e saída dos vehículos deben estar correctamente sinalizadas e libres de obstáculos. O vehículo recolector terá prioridade sobre outros vehículos, salvo que exista sinalización que indique o contrario. O titular da actividade deberá facilitar a entrada e saída dos vehículos de recollida de forma áxil, minimizando tempos de espera e evitando atrasos que poidan prexudicar a planificación do servizo.
3. No caso de que, por razóns xustificadas, as características físicas das instalacións non permitan a localización, carga e descarga dos colectores no seu interior, poderá autorizarse a colocación temporal dos mesmos na vía pública. Esta disposición estará condicionada ao lugar e horario establecidos polo Concello, e unha vez realizada a recollida, os colectores deberán ser devoltos inmediatamente ao interior das instalacións.
4. En todo caso, as características mínimas dos recintos, as obrigacións dos titulares e a delimitación das áreas de achega serán determinadas polo Concello mediante regulación específica.

##### **Artigo 42. Normas de utilización e xestión dos colectores de uso privado**

1. Deberán observarse as seguintes normas de uso:
  - a. Respetar os horarios establecidos para a colocación e retirada dos colectores tanto na vía pública como nos recintos privados autorizados.

- b. No caso de que os colectores se recollan na vía ou espazo público, estes deberán colocarse na beirarrúa, o máis preto posible do bordo, sen interferir no tránsito de peóns ou vehículos, garantindo a fluidez do tráfico e a seguridade vial.
- c. Garantir que a superficie da vía pública ocupada polos colectores quede en perfectas condicións de limpeza unha vez retirados, evitando deixar restos ou sucidade no lugar.
- d. Realizar periodicamente as tarefas de lavado, limpeza e mantemento dos colectores, para evitar a acumulación de sucidade e malos cheiros.
- e. Manipular os colectores de maneira que non provoquen deterioros significativos ou danos, preservando a súa funcionalidade e bo estado.
- f. Os colectores deberán contar cunha serigrafía claramente identificativa, que especifique tanto a fracción de residuos correspondente como o titular da actividade ou o nome comercial. Esta identificación deberá indicar de forma explícita que se trata dun colector de uso privado.
- g. Cumprir coas normas relativas á presentación dos residuos ordinarios, conforme o disposto no 28 desta Ordenanza.
- h. Observar as disposicións establecidas nos apartados a), c) e f) do artigo 30.1 (relativo á utilización de colectores de uso colectivo), no que respecta á clasificación correcta dos residuos e ao uso adecuado dos colectores.

### Capítulo III. Servizo de recollida de residuos non ordinarios (especiais)

#### Sección I. Disposicións xerais

##### Artigo 43. Concepto

Constitúen esta categoría aqueles residuos domésticos ou urbanos que, debido á súa composición, cantidade ou volume, características ou natureza, dificultan ou imposibilitan a segregación, manipulación ou valorización convencional, independentemente de cal sexa o lugar en que se orixinen. Porén, esixen unha xestión diferenciada porque poden comprometer a recuperación doutras fraccións, ou comportar un risco para o medio ambiente ou a saúde das persoas.

##### Artigo 44. Condicións e clasificación dos residuos non ordinarios

Deberán cumprir algunha das seguintes condicións:

1. Que existan plans ou programas de xestión especificamente deseñados para dar unha resposta apropiada ás peculiaridades dese residuo en particular.
2. Que, aínda non existindo plans ou programas de xestión específicos, correspóndese con residuos de especial significación en atención ao sistema de tratamento ao que se acolle o Concello de Arteixo e cuxa xestión non é posible a través da súa inclusión nalguna das fraccións residuais previstas para os residuos ordinarios.
3. Que a súa xestión se realice conxuntamente con residuos non pertencentes á categoría dos residuos domésticos ou urbanos ordinarios e de acordo coa planificación para aqueles prevista.
4. Atópanse nesta categoría os seguintes residuos:
  - Residuos de obras menores de construción e reparación domiciliaria
  - Mobles e efectos de liña branca e liña marrón
  - Animais domésticos de compañía mortos
  - Vehículos abandonados
  - Pneumáticos
  - Baterías esgotadas
  - Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos
  - Aceites usados
  - Cristais planos
  - Palés de madeira
  - Chatarras
  - Alimentos envasados caducados
  - Pilas (Inclúe as pilas normais e de botón de calquera composición), acumuladores e baterías
  - Teléfonos móbiles

- Roupas usadas e textiles en xeral
- Residuos sanitarios da Clase II producidos en centros sanitarios, clínicas, hospitais, laboratorios e establecementos análogos
- Medicamentos caducados e residuos de envases de medicamentos
- Envases de produtos fitosanitarios
- Residuos de actividades portuarias
- Residuos urbanos catalogados como perigosos do fogar: fluorescentes, radiografías, envases de pinturas, vernices, disolventes, sprays, tóneres de impresora, filtros de aceite e outros.

5. A lista de residuos contemplada no punto anterior poderá ser ampliada de maneira xustificada para incluír outros residuos cuxa xestión sexa competencia do Concello.

6. En todo caso, considérase residuo non ordinario (especial) aquel que, a pesar de ser de competencia municipal, non se poida clasificar dentro das fraccións de residuos ordinarios establecidas na presente ordenanza.

#### **Artigo 45. Formas de recollida dos residuos non ordinarios (especiais)**

A recollida dos residuos non ordinarios (especiais) realizarase por algunha das seguintes canles:

- Punto limpo
- Servizo especial de recollida
- Colectores específicos na rúa (distintos aos da recollida ordinaria)
- Colectores situados en establecementos, locais ou centros
- Calquera outra canle que se defina por parte do Concello

#### **Sección II: Puntos limpos**

##### **Artigo 46. Consideracións xerais**

1. Os puntos limpos son instalacións municipais destinadas ao depósito de tipoloxías específicas de residuos municipais non ordinarios. Estes servizos están orientados ao uso da poboación xeral, facilitando un espazo axeitado para a correcta xestión de residuos que non poden ser depositados nos sistemas convencionais de recollida.
2. A determinación do número e a localización dos puntos limpos será competencia exclusiva do Concello de Arteixo. Para establecer estas instalacións, o Concello deberá considerar estudos de viabilidade e funcionalidade, asegurando a accesibilidade para a cidadanía e a operatividade eficiente do servizo.
3. A xestión dos puntos limpos será responsabilidade directa do Concello de Arteixo, que poderá, no seu caso, externalizar esta función a entidades autorizadas, pero sempre baixo a súa supervisión. A xestión incluírá a clasificación, almacenamento e posterior tratamento dos residuos conforme á normativa vixente.
4. Os residuos non ordinarios depositados nos puntos limpos deberán proceder exclusivamente de fogares, garantindo que estas instalacións sexan utilizadas con fins domésticos e non para fins comerciais ou industriais. O seu obxectivo é evitar o tratamento inadecuado de residuos voluminosos ou perigosos que non poidan ser xestionados mediante os sistemas convencionais.
5. Non obstante, as actividades poderán utilizar os puntos limpos para o depósito de residuos non ordinarios e non perigosos, sempre que estes sexan cuantitativa e cualitativamente equiparables aos xerados nun fogar e se respecte a capacidade da instalación, así como a admisibilidade establecida nesta ordenanza, sen comprometer o correcto funcionamento da instalación. A aceptación destes residuos estará condicionada ás súas características, e non se permitirá o depósito masivo que poida levar á saturación das instalacións ou afectar negativamente o servizo destinado aos particulares. No caso de detectarse un exceso de residuos procedente dunha actividade, o Concello poderá esixir ao titular a súa xestión autónoma e independente, en conformidade coas normas de xestión vixentes.
6. En ningún caso se permitirá que as actividades empreguen os puntos limpos para a entrega de residuos derivados de procesos produtivos, de fabricación, transformación, utilización, consumo, limpeza ou mantemento vinculados á súa actividade, que non se axusten á tipoloxía de residuos domésticos en termo cuantitativos e cualitativos.
7. Ademais, os puntos limpos non expedirán xustificantes formais de entrega de residuos aos usuarios, dado que o servizo está destinado exclusivamente ao uso da poboación xeral e non a actividades comerciais ou industriais que requiran documentación ou certificación de entrega de residuos.

**Artigo 47. Residuos admisibles nos puntos limpos**

1. Serán admisibles nos puntos limpos os seguintes residuos, debidamente separados e segundo as seguintes cantidades máximas estimativas por persoa e visita:

- Residuos perigosos do fogar (disolventes, pinturas, sprays, radiografías, restos de medicamentos, termómetros): 5 unidades de cada tipoloxía
- Fluorescentes: 4 unidades
- Residuos voluminosos de liña marrón (colchóns, somieres, mobiliario e aveños de uso común): 2 unidades de cada tipoloxía
- Residuos voluminosos de liña branca (frigoríficos, lavadoras e electrodomésticos de grandes dimensións): 1 unidade de cada tipoloxía
- Teléfonos móbiles (3 unidades), computadores e, en xeral, aparellos electrónicos (1 unidade de cada tipoloxía)
- Cascalllos de obras menores domiciliarias (4 sacos)
- Restos de podas e segas domésticas: 960 litros (equivalente á capacidade de catro colectores verdes situados en vía pública)
- Pilas, acumuladores e baterías (sen límite)
- Baterías de automóviles: 1 unidade
- Aceite vexetal de cociña e aceite de automoción: 10 litros
- Filtros de aceite: até 2 unidades
- Palés de madeira: até 2 unidades
- Roupas e téxtiles: até 2 bolsas
- Cristais planos, xanelas e lámpadas (1 bolsa de lixo domiciliario), parabrisas (1 unidade)
- Pneumáticos de vehículos: até 4 unidades
- Chatarras (1 saco)
- Plásticos e grandes embalaxes (até 6 sacos)

2. Para os efectos deste artigo enténdese por saco aquel que non exceda os 30 kg.

3. A tipoloxía de residuos sinalados poderá ser ampliada polo Concello en función da demanda cidadá.

4. O Concello, poderá avaliar se se está facendo un uso indebido ou fraudulento da instalación, tratando de eludir a normativa e os preceptos desta ordenanza para desfacerse de residuos que non procedan dos fogares ou de actividades asimilables a estes en termos cuantitativos ou cualitativos. No caso de detectarse tal comportamento, o Concello poderá impoñer as sancións correspondentes e esixir ao produtor ou posuidor dos residuos que asuma a súa xestión de forma independente, conforme á lexislación vixente.

**Artigo 48. Condicións para a entrega**

1. O traslado dos residuos até o punto limpo e o colector correspondente será responsabilidade exclusiva do produtor ou posuidor, quen deberá encargarse de transportalos ao punto de depósito.
2. Os residuos deberán presentarse debidamente separados, sen mesturas entre eles.
3. O Concello poderá restrinxir o depósito de certos residuos por razóns debidamente xustificadas e documentadas no libro de incidencias da instalación.
4. O usuario deberá efectuar persoalmente o depósito dos residuos, segregando correctamente as distintas fraccións nos colectores habilitados e identificados para cada tipo de residuo.
5. A repetición frecuente de entregas no punto limpo poderá ser suxeita a revisión por parte do Concello para avaliar un posible uso indebido das instalacións.

**Sección III: Servizo especial de recollida****Artigo 49. Definición e solicitude do servizo especial de recollida**

1. Co obxectivo de facilitar a recollida de residuos non ordinarios (especiais) á veciñanza, o Concello habilitará un servizo especial de recollida.
2. O servizo especial de recollida estará dispoñible para as fraccións de residuos non ordinarias que se establezan nesta ordenanza ou divulgue o Concello.

3. A solicitude de calquera servizo especial de recollida deberá realizarse de forma telefónica ou a través de calquera outro medio de comunicación que o Concello dispoña para tal efecto. Na comunicación, o solicitante deberá describir detalladamente a cantidade e tipoloxía dos residuos que desexa que se retiren. O Concello poderá solicitar o nome, enderezo e número de teléfono de contacto do posuidor ou produtor dos residuos.
4. Para garantir a operatividade do servizo, o Concello poderá regular a cantidade ou volume dos residuos a recoller en cada ocasión.
5. Corresponde ao usuario do servizo depositar os residuos no lugar indicado polo Concello, respectando as datas, horarios e outras condicións que se establezan.
6. Este servizo non estará dispoñible para actividades comerciais ou empresariais.

#### **Sección IV: Residuos voluminosos**

##### **Artigo 50. Concepto e clasificación**

1. Enténdese por residuos voluminosos aqueles residuos municipais que consisten en electrodomésticos, mobles, colchóns, somieres e trastes vellos, que proveñen das actividades domésticas de reparación ou substitución do equipamento da vivenda. Debido ao seu tamaño ou características morfolóxicas específicas, non poden ser retirados a través do servizo de recollida ordinaria, sendo necesaria a activación dun servizo de recollida específico.
2. Clasifícanse en:
  - Voluminosos de liña branca: lavadoras, lavalouzas, frigoríficos, televisores e similares.
  - Voluminosos de liña marrón: colchóns, somieres, sofás, armarios e demais mobiliario e forniture.

##### **Artigo 51. Xestión dos residuos voluminosos**

1. As persoas que desexen desprenderse de residuos voluminosos de carácter doméstico poderán optar por:
  - a. Os puntos limpos, nos horarios de atención ao público.
  - b. A través do servizo especial de recollida destinado a este tipo de residuos, conforme ás disposicións establecidas nesta ordenanza.
2. Queda expresamente prohibido o depósito destes residuos en vía pública sen comunicación oportuna, e previa confirmación do depósito tal e como se dispón no artigo seguinte.

#### **Sección V. Animais de compañía mortos**

##### **Artigo 52. Inclusións e exclusións**

1. Serán considerados residuos non ordinarios os cadáveres ou restos de animais considerados de compañía.
2. Quedan excluídos da presente ordenanza os cadáveres ou restos de animais que non pertencen á categoría de animais de compañía. Non se consideran animais de compañía os provenientes de vaquerías, cortellos, cuadras e currais de gando ou aves. Neste caso, os propietarios ou posuidores están obrigados a xestionar os restos conforme á normativa autonómica correspondente.

##### **Artigo 53. Xestión dos cadáveres dos animais de compañía**

1. A xestión dos cadáveres dos animais de compañía é responsabilidade dos seus propietarios.
2. Consonante co artigo 26 da *Lei 7/2023, do 28 de marzo, de protección dos dereitos e do benestar dos animais*, a baixa dun animal de compañía por morte deberá ir acompañada dun documento que acredite que foi incinerado ou enterrado por unha empresa oficialmente recoñecida para estas actividades. Este documento deberá incluír o número de identificación do animal falecido, así como o nome e apelidos do seu responsable. Se non se dispón de tal documento, deberá quedar constancia na base de datos da empresa encargada da xestión do cadáver. No caso de que non se poida recuperar o cadáver, deberase documentar adecuadamente esta situación.
3. Ademais, deben realizar os trámites de baixa correspondentes no Rexistro Galego de Animais de Compañía e nos rexistros ou censos municipais pertinentes.

##### **Artigo 54. Tratamento dos animais mortos abandonados**

1. Deberase informar ao Concello sobre o achado de calquera animal morto na vía pública ou en espazos públicos.
2. Os animais mortos abandonados e recollidos polo Concello serán eliminados segundo á normativa vixente, independentemente das medidas adoptadas para identificar aos propietarios e/ou determinar as súas responsabilidades en posibles infraccións.

## Sección VI. Residuos de construcción e demolición de obras en xeral

Nesta sección regúlanse as condicións relativas á correcta xestión dos residuos de construción e demolición e obras en xeral.

### Artigo 55. Residuos procedentes de obras menores de construción e de reparación domiciliaria

Considéranse obras menores de construción e de reparación domiciliaria as de sinxela técnica e escasa entidade construtiva e económica. En todo caso, se considera obra menor a que se defina na correspondente normativa.

### Artigo 56. Xestión dos residuos de obras menores

1. As persoas que desexen desprenderse de este tipo de residuos domésticos poden facer uso de:
  - a. Os puntos limpos, nos horarios de atención ao público.
  - b. Mediante o servizo especial de recollida consonte as estipulacións establecidas nesta ordenanza.
  - c. Os titulares de actividades que xeren de maneira sistemática ou continua este tipo de residuos non poderán utilizar o punto limpo para a súa xestión, sendo responsables de xestionar estes residuos por conta propia.

## Sección VII: Outros residuos non ordinarios. Talleres municipais de recuperación e reparación dos residuos non ordinarios

### Artigo 57. Residuos de poda e xardinería

1. Os residuos orgánicos derivados de operacións de roza de herbas, segas e podas só poderán depositarse nos colectores específicos situados en vía pública para esta fracción, sempre e cando non superen os 50 litros/diarios.
2. Se a cantidade xerada é superior aos 50 litros/diarios, os produtores ou posuidores destes residuos deberán depositalos nun punto limpo.
3. Se se supera a admisibilidade do punto limpo ou se o depósito de residuos provoca a saturación da instalación ou limita o acceso dos usuarios procedentes de fogares, ou se a produción de residuos supera os 500 litros diarios, será responsabilidade do produtor ou posuidor xestionar os residuos por conta propia.
4. As empresas de xardinería que presten servizos ao Concello para o mantemento de xardíns e parques deberán xestionar os residuos de acordo co condicionado técnico establecido no contrato. A responsabilidade da xestión e da disposición final destes residuos será da empresa, que deberá promover a trituración e a reutilización dos materiais, preferentemente nas proximidades do seu lugar de xeración, como fertilizante para o solo circundante, sempre que o permita o citado condicionado técnico, así como as consideracións de conservación e estética da zona. En ningún caso, os titulares das actividades que prestan servizos ao Concello poderán eliminar este tipo de residuos no punto limpo, agás que se conceda autorización expresa.

### Artigo 58. Pilas Usadas

1. As pilas usadas deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse en:
  - a. Nos pequenos colectores destinados á recollida de pilas situados na rede de centros colaboradores do Concello para este fin.
  - b. Nos colectores específicos para este tipo de residuo de gran capacidade situados en vías públicas de intenso tránsito peonil, centros comerciais e, en xeral en lugares de masiva afluencia de público.
  - c. Nos puntos limpos
2. Calquera establecemento comercial de venda de artigos que impliquen o uso de pilas, institucións públicas, centros educativos, asociacións e similares poderán solicitar ao Concello a súa consideración como centros colaboradores.

### Artigo 59. Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos deberán:

- a. Entregalos ao distribuidor no momento de compra dun novo
- b. Entregalos no punto limpo
- c. Depositálos nos colectores debidamente identificados a tal fin para cada categoría de residuo eléctrico e electrónico
- d. Solicitar o servizo especial de recollida.

### Artigo 60. Medicamentos

Os restos de medicamentos, os caducados e os seus envases deberán segregarse do fluxo de residuos convencional e depositarse en:



- a. Nos colectores especiais situados en farmacias denominados puntos SIGRE cuxa xestión é responsabilidade deste Sistema Integrado de Xestión.

#### **Artigo 61. Aceites usados**

1. Os aceites usados de cociña poderán depositarse en envases e recipientes pechados nos colectores situados nas vías públicas ou, de ser o caso, no punto limpo. Debe comprobarse, antes do depósito, que os envases ou recipientes estean ben cerrados e non teñan fugas.

#### **Artigo 62. Roupas e téxtiles dos fogares**

1. Caracterízanse dentro deste tipo de residuos as prendas de vestir de todo tipo, complementos, roupa do fogar -mantas, sabas, toallas, etc.- e calzado.
2. Estes residuos deberán ser segregados do fluxo de residuos convencional e depositados nos colectores específicos situados nas vías públicas para tal fin. Ademais, o punto limpo tamén poderá ser empregado para a entrega destes residuos.
3. Asemade, cabe a posibilidade de que os posuidores ou produtores deste tipo de residuos poidan canalizalos a través daquelas entidades sen ánimo de lucro que se dedican á recuperación da mesma para atender necesidades sociais.

#### **Artigo 63. Residuos sanitarios**

1. Enténdense por actividades sanitarias aquelas que producen residuos sanitarios en clínicas, hospitais, consultas médicas, centros socio-sanitarios, laboratorios de análises clínicas, investigación ou saúde pública, centros de atención primaria e planificación familiar, centros podolóxicos e calquera outra instalación relacionada coa saúde humana. Esta definición inclúe, así mesmo, os residuos xerados en centros, servizos e establecementos veterinarios asistenciais e centros de investigación animal.
2. De conformidade coa actual normativa autonómica, os residuos clasificados como CLASE I consideraranse, para efectos de xestión, como residuos ordinarios. Poderán utilizarse os colectores de uso colectivo para este fin, sempre que a súa utilización non provoque a saturación destes colectores ou limite o acceso dos usuarios procedentes dos fogares. En todo caso, os produtores deste tipo de residuos están suxeitos ás disposicións establecidas para as actividades.
3. Os residuos sanitarios pertencentes ás CLASES II, III e IV deberán ser xestionados directamente polos seus produtores ou posuidores a través de xestores autorizados consonte a normativa específica.

#### **Artigo 64. Vehículos abandonados**

1. Os vehículos abandonados que, de conformidade coa lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, adquiren a condición de residuo doméstico, xestionaranse polo Concello de conformidade coa normativa relativa á xestión de vehículos fóra de uso.
2. Os propietarios de vehículos abandonados que adquiren a condición de residuo doméstico deberán sufragar os custos derivados das operacións de limpeza da vía pública no seu caso, recollida, traslado ao Depósito Municipal e traslado ao centro autorizado de recepción e descontaminación correspondente, con independencia das sancións que correspondan.

#### **Artigo 65. Outras tipoloxías de residuos e fluxos de recollida**

O Concello, ben directamente ou ben a través de convenios de colaboración con asociacións ou Sistemas Integrados de Xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos non ordinarios; para tal fin, poderá instalar colectores ou puntos de aportación e realizar as campañas informativas correspondentes.

#### **Artigo 66. Talleres municipais de Recuperación e Reparación de Residuos**

1. O Concello poderá establecer e xestionar talleres destinados á recuperación e reparación de residuos. Estes talleres terán como obxectivo promover a reutilización de materiais e reducir a cantidade de residuos enviados aos puntos limpos ou a outras formas de tratamento.
2. O funcionamento dos talleres de recuperación e reparación será regulado por un regulamento específico, que establecerá:
- a. Requisitos e procedementos: Detalles sobre os tipos de residuos que se poden levar aos talleres, así como os requisitos para a súa aceptación e procesamento.
- b. Horarios e acceso: Horarios de funcionamento, procedementos de acceso para os usuarios e requisitos para a entrega de residuos para a súa reparación ou recuperación.

- c. Servizos ofrecidos: Os servizos que se ofrecerán nos talleres, incluíndo a reparación, restauración e outros procesos de valorización dos residuos.
  - d. Seguridade e hixiene: Normas de seguridade e hixiene para garantir a correcta xestión dos residuos e a protección do persoal e dos usuarios.
  - e. Taxas e tarifas: Se procede, as posibles tarifas ou taxas asociados aos servizos ofrecidos, así como as formas de pagamento e exencións dispoñibles.
3. O Concello promoverá o uso dos talleres a través de campañas de sensibilización e información, co fin de aumentar a participación cidadá e mellorar a xestión dos residuos.
  4. O Concello realizará un seguimento continuo do funcionamento dos talleres e avaliará a súa eficacia na recuperación e reparación de residuos, realizando axustes e melloras conforme sexa necesario.

#### **Capítulo IV. Obrigas de determinados produtores de residuos para o fomento da recollida separada e o reciclaxe de alta calidade**

##### **Artigo 67. Separación na orixe de residuos de envases (e de papel-cartón que non sexa envase) e biorresiduos no interior de establecementos comerciais e de servizos e instalacións industriais**

1. De acordo co establecido no segundo parágrafo do artigo 20.3 e no primeiro do artigo 25 da Lei 7/2022, os establecementos comerciais de carácter individual e colectivo, do sector servizos, incluídos restaurantes, bares, hoteis e as instalacións industriais onde se xeren residuos de envases (e de papel-cartón que non sexa envase) incluídos no servizo municipal de recollida, deberán realizar obrigatoriamente a separación na orixe destes residuos, conforme ao sistema de segregación designado polo municipio, no interior dos mencionados establecementos ou instalacións. Esta obrigación aplicarase tamén aos biorresiduos, de acordo co artigo 25.3 da Lei 7/2022.
2. Non obstante, exclúense da obrigación contemplada neste artigo as instalacións do sector servizos de carácter público que teñan implantado un réxime específico de separación de residuos de envases e biorresiduos no interior dos establecementos, de acordo coas súas propias normas de funcionamento.
3. Os establecementos comerciais de carácter colectivo presentarán ao Concello un “Plan de separación para as distintas fraccións de recollida separada obrigatoria” asinada por todos os locais ou puntos de venda instalados no interior do recinto do citado establecemento.
4. Para o cumprimento da obrigación sinalada nos apartados anteriores, o establecemento comercial deberá dispor, no interior dos citados locais ou puntos de venda, de contenedores específicos, ou de medios materiais suficientes ou outra medida ou procedemento similar, co fin de garantir que, no exercicio ordinario da actividade, se poida realizar a separación e o depósito dos residuos sinalados no apartado 1, de forma diferenciada do resto dos residuos que se xeren.
5. A separación dos residuos sinalados no apartado 1 deberá levarse a cabo de xeito que a súa entrega posterior nos contenedores ou sistemas equivalentes de recollida separada habilitados no recinto ou nas proximidades se realice de forma directa, sen necesidade de realizar outra separación posterior. No caso dos biorresiduos, estes deberán depositarse en bolsas biodegradables e, na medida do posible, en cubos aireados.
5. Nas normas de desenvolvemento desta Ordenanza, de ser o caso, poderase acordar a aplicación das obrigacións reguladas neste artigo a outros residuos, ademais dos contemplados no apartado 1.
6. O Concello incluírá as obrigacións deste artigo na concesión de licenzas e permisos ou outros medios de intervención administrativa municipal que, no seu caso, poidan ser requiridos para o exercicio da correspondente actividade.

##### **Artigo 68. Separación na orixe das fraccións de recollida separada obrigatoria en eventos públicos**

1. Na organización de eventos públicos de carácter puntual que, ao xuízo do Concello, impliquen a concentración dun elevado número de persoas, será obrigatorio elaborar un plan para a prevención e xestión adecuada dos residuos que se xeren durante a celebración do evento. Neste plan incluírase, como mínimo, o número, tipo e localización dos contedores ou sistemas equivalentes necesarios, que se calcularán tendo en conta o número de persoas que se prevea que asistirán ao evento e a cantidade de residuos que se prevea que se xeren de cada fluxo, tendo en conta as fraccións de recollida separada obrigatoria, de forma que poidan ser retirados polos servizos de recollida sen necesidade de realizar ningunha outra separación posterior.
2. De acordo co establecido no artigo 7.6 do Real Decreto 1055/2022, os promotores de eventos públicos, tanto os que contan co apoio das administracións públicas no patrocinio, organización ou en calquera outra fórmula, como os organizados polo sector privado, deberán implantar alternativas á venda e distribución de bebidas en envases e vasos de uso único, garantindo ademais o acceso a auga potable non envasada.

3. As medidas reguladas neste apartado aplicarase con motivo da celebración de calquera dos eventos públicos definidos na presente Ordenanza.
4. O Concello esixirá as obrigacións contempladas neste artigo nas comunicacións ou na concesión de licenzas e permisos ou outros instrumentos de intervención administrativa municipal que, de acordo coa normativa aplicable, resulten esixibles para a celebración do evento.
5. O Concello poderá colaborar cos organizadores de eventos públicos proporcionando colectores e un servizo de recollida extraordinario. Este servizo poderá estar suxeito ao pagamento dunha taxa fiscal correspondente.

## **TITULO II. FINANCIACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RESIDUOS. PAGO POR XERACIÓN DE RESIDUOS E INCENTIVOS AMBIENTAIS**

### **CAPITULO I: FINANCIACIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE RESIDUOS**

#### **Artigo 69. Financiación do Servizo municipal de residuos.**

1. A financiación do Servizo Municipal de Residuos regulado na presente ordenanza articularase mediante a correspondente ordenanza fiscal. Esta normativa fiscal determinará os mecanismos de recadación necesarios para cubrir os custos asociados á prestación dos servizos de recollida, transporte, tratamento e eliminación de residuos, garantindo a súa viabilidade financeira a longo prazo.
2. En calquera caso, a financiación destes servizos deberá cumprir o principio de sostibilidade financeira, o que significa que os recursos obtidos pola aplicación das taxas ou tarifas deberán ser suficientes para cubrir os gastos operativos sen comprometer as finanzas municipais.
3. Aplicarase o principio de “quen contamina, paga”, segundo o cal os custos de xestión de residuos serán repercutidos de forma proporcionada en función da cantidade e natureza dos residuos xerados, na medida que se dispoña da información necesaria para este cálculo. Todas as actualizacións fiscais en materia de residuos tentarán converxer con este principio, co obxectivo de promover a responsabilidade tanto individual como colectiva na xestión dos residuos, incentivando a redución na súa xeración, así como a correcta segregación e depósito por parte dos usuarios.

#### **Artigo 70. Clasificación dos usuarios aos efectos fiscais**

1. No ámbito da presente Ordenanza, establécese a clasificación dos usuarios do servizo municipal de residuos en dous grupos principais, segundo a lugar ou fonte dos residuos xerados:
  - a. **Fogares:** Consideraranse como tales as vivendas ou inmobles destinados a uso residencial.
  - b. **Actividades:** Inclúense aquí todas as actividades económicas, empresariais, profesionais e comerciais desenvolvidas no termo municipal, incluíndo aquelas que, sen ter un carácter comercial, xeren residuos (escolas, oficinas, institucións, Administracións, e outras análogas). Inclúese nesta categoría os comercios e industrias.

#### **Artigo 71. Obrigatoriedade do servizo para os fogares**

1. O servizo municipal de recollida e xestión de residuos terá carácter obrigatorio para todas as vivendas dentro do termo municipal, en cumprimento das normativas vixentes en materia de xestión de residuos e servizos públicos. Todas as vivendas deberán participar no sistema de recollida establecido polo Concello e contribuír ao financiamento do servizo mediante as correspondentes taxas.

#### **Artigo 72. Carácter voluntario para as actividades**

1. Para as actividades desenvolvidas no termo municipal, a prestación do servizo municipal de recollida e xestión de residuos terá carácter voluntario.
2. Non obstante, se unha actividade non comunica ao Concello que os seus residuos serán xestionados por un terceiro autorizado, considerarase automaticamente adherida ao servizo municipal. Esta adhesión implicará a participación no sistema de recollida, transporte e tratamento dos residuos e o correspondente pagamento das taxas que financien o servizo.
3. Non se admitirán para as actividades situacións de concorrencia parcial na prestación do servizo entre o Concello e un xestor terceiro aos efectos do pagamento da taxa. En consecuencia, a participación nalgún servizo municipal implicará o pagamento total da taxa correspondente, mesmo se se contrata a un xestor externo para a recollida de residuos domésticos específicos.

#### **Artigo 73. Exclusión do servizo municipal por xestión externa**

1. No caso de que o titular dunha actividade decida contratar un xestor ou xestores externos para a xestión dos seus residuos domésticos, deberá notificar esta decisión formalmente ao Concello.

2. A actividade que opte por este sistema de xestión externa quedará excluída da prestación e financiamento do servizo do servizo municipal de recollida de residuos e non poderá acceder en ningún momento aos servizos que, nesta materia, ofrezca o Concello de Arteixo.

#### **Artigo 74. Fiscalización e control das actividades excluídas**

1. O titular dunha actividade que elixa xestionar os seus residuos domésticos por conta propia, e que, por tanto, quede excluído do sistema municipal, deberá presentar ao Concello unha memoria de xestión de residuos domésticos de forma anual. Esta memoria deberá incluír:
  - a. Datos cuantitativos e cualitativos sobre a produción de residuos xerada.
  - b. Información detallada dos xestores contratados que inclúa contratos, facturas ou documentos vinculantes.
  - c. A trazabilidade completa dos residuos, desde a súa recollida até a súa disposición final, asegurando o cumprimento da normativa ambiental.
2. O Concello poderá solicitar en calquera momento que os titulares das actividades excluídas do sistema municipal presenten os xustificantes de xestión de residuos por parte das actividades que xestionen os seus residuos a través de terceiros, co fin de verificar o cumprimento da normativa.
3. O incumprimento na entrega da documentación requirida ou a detección de irregularidades poderá dar lugar a sancións e á obrigación de reincorporarse ao sistema municipal de recollida e xestión de residuos, no caso de que se verifique que a empresa continúa utilizando o servizo municipal de residuos.

### **CAPITULO II. PAGO POR XERACIÓN**

#### **Artigo 75. Implantación do sistema de pago por xeración**

1. O Concello de Arteixo introduce e optimizará de maneira gradual o sistema de pago por xeración de residuos, conforme ao disposto no artigo 11.3 da Lei 7/2022 de residuos e solos contaminados para unha economía circular.
2. O sistema de pago por xeración refírese á repercusión directa do custo do servizo de recollida e xestión de residuos en función da cantidade e tipo de residuos xerados por cada usuario, incentivando así a súa minimización e unha correcta segregación; en definitiva, promóvese unha fiscalidade máis xusta.

#### **Artigo 76. Estudo de viabilidade e alternativas tecnolóxicas que permitan un pago por xeración efectivo**

1. A plena implantación dun sistema de contabilización dos residuos por usuario representa un desafío tecnolóxico e administrativo significativo, que require unha infraestrutura avanzada de recursos técnicos e administrativos.
2. O Concello comprométese a explorar de forma continua as diferentes tecnoloxías e alternativas dispoñibles, como os colectores intelixentes con identificación de usuario, avaliando a súa viabilidade técnica, económica e administrativa.
3. Para garantir a eficacia dos sistemas implantados ou que se pretendas implantar, o Concello poderá optar por iniciar experiencias piloto ou aplicar o sistema en áreas específicas de forma controlada, co obxectivo de avaliar os resultados antes da súa expansión xeneralizada.

#### **Artigo 77. Control e protección de datos persoais**

1. O control dos residuos xerados para a implantación do sistema de pago por xeración poderá implicar, en determinados casos, a identificación dos usuarios. Esta identificación no sistema de recollida de residuos estará suxeita a un control rigoroso para garantir a privacidade dos usuarios, conforme á normativa de protección de datos vixente.
2. O Concello comprométese a realizar unha análise exhaustiva das implicacións xurídicas e a adoptar todas as medidas necesarias para evitar calquera vulneración dos dereitos dos usuarios en relación coa monitorización dos residuos.

#### **Artigo 78. Revisión e seguimento do sistema**

1. O Concello establecerá un sistema de seguimento da implantación do sistema de pago por xeración, realizando informes periódicos para valorar o seu impacto económico, ambiental e social.
2. En función dos resultados obtidos durante a fase transitoria e os programas piloto, o Concello poderá modificar ou adaptar o sistema para optimizar a xestión de residuos e garantir a súa viabilidade a longo prazo.

#### **Artigo 79. Fase inicial do pago por xeración e incentivos ambientais**

1. Como fase inicial e até a plena implantación dun sistema de pago por xeración de residuos que garantan a maior precisión posible, o Concello implementará incentivos ambientais como medida transitoria, os cales están estreitamente vinculados e correlacionados co pago por xeración. Estes incentivos estarán asociados á participación

en programas de recollida selectiva destinados á redución de residuos, reciclaxe, compostaxe e outras iniciativas ambientais.

2. Os usuarios que participen en determinados programas de recollida selectiva poderán acceder a reducións fiscais, descontos ou outros incentivos, co obxectivo de premiar os esforzos en prol da correcta xestión de residuos e da sustentabilidade do servizo municipal de residuos.
3. O Concello establecerá un sistema de seguimento e avaliación da participación en programas de incentivos, recompilando datos sobre a redución de residuos e a mellora na segregación e reciclaxe, para valorar a súa eficacia.
4. A participación en programas de recollida selectiva ofrece unha solución óptima que combina beneficios económicos, ambientais e sociais. Ao reducir os custos asociados á xestión (principalmente da fracción resto), incrementar os ingresos a partir de materiais reciclables e fomentar prácticas sostibles, esta estratexia está en sintonía cos principios da economía circular e do pago por xeración. Deste xeito, promóvese unha xestión de residuos máis eficiente e contribúe a un futuro máis sostible.

### CAPITULO III. INCENTIVOS AMBIENTAIS

#### Sección I. Disposicións xerais

##### Artigo 80. Promoción de determinados programas de recollida selectiva e reducións tarifarias por participación

1. O Concello impulsará programas específicos de recollida selectiva co obxectivo de aumentar a separación eficiente dos residuos, reducir os custos de tratamento e fomentar a súa recuperación e reciclaxe.
2. Os usuarios que participen en programas de recollida selectiva poderán acceder a reducións na tarifa de xestión de residuos. Estas reducións aplicaranse en función da correcta segregación e entrega de fraccións específicas, como papel e cartón, envases lixeiros, vidro e biorresiduos (fracción orgánica). A maior recuperación das devanditas fraccións reducirá a cantidade de residuos non diferenciados (fracción resto), contribuíndo así á diminución dos custos de xestión asociados.

##### Artigo 81. Divulgación e sensibilización

1. O Concello levará a cabo campañas de divulgación e sensibilización destinadas a informar á cidadanía sobre os beneficios ambientais, económicos e sociais derivados da participación nos programas de recollida selectiva e dos incentivos ambientais asociados.
2. Estas campañas estarán orientadas a promover unha maior participación da poboación e das actividades, explicando claramente o funcionamento dos sistemas de segregación de residuos, as vantaxes de acceder ás reducións tarifarias e as repercusións positivas na economía circular e no medio ambiente.
3. A difusión realizarase a través de diferentes medios de comunicación, como páxinas web, redes sociais, paneis informativos, e outros soportes accesibles para a poboación.
4. O Concello comprométese a proporcionar aos usuarios ferramentas e recursos necesarios para facilitar a participación nos programas de recollida selectiva.

##### Artigo 82. Beneficios económicos e ambientais

1. A participación en programas de recollida selectiva proporciona á Administración beneficios económicos significativos. En primeiro lugar, a venda de materiais reciclables xerados a través da recollida selectiva xera ingresos adicionais. Estes materiais, principalmente envases lixeiros, vidro e papel e cartón, teñen valor no mercado de reciclaxe e a súa venda contribúe a reducir os custos globais de xestión de residuos. Ademais, ao reducir a cantidade de residuos que se deposita na fracción resto, diminuíndo así o volume de residuos que require tratamento, os custos asociados diminúen significativamente. Esta redución nos custos operativos pode ser reinvestida en melloras nos servizos de xestión de residuos e en outras iniciativas ambientais.
2. Outro beneficio relevante é a diminución da fracción orgánica no colector de resto. Ao desviar residuos orgánicos, como restos de comida e residuos de xardín, cara á compostaxe, non só se reduce a cantidade de residuos enviados á planta de tratamento de residuos indiferenciados, senón que tamén se aproveitan para producir compost de alta calidade. Este compost pode ser utilizado para mellorar a saúde do solo en actividades agrícolas e xardíns, promovendo así a fertilidade do solo e a sustentabilidade agrícola.
3. A recollida selectiva está directamente vinculada aos principios da economía circular, que buscan maximizar a reutilización e reciclaxe de materiais para minimizar a xeración de residuos e a explotación de recursos naturais. Ao promover a separación e valorización de residuos, esta estratexia contribúe á creación dun sistema de xestión de residuos máis sostible e eficiente, que reduce o impacto ambiental e apoia unha xestión máis responsable dos recursos.



**Artigo 83. Participación e rexistro**

1. Para que os usuarios poidan participar nos programas de recollida selectiva, deberán rexistrar a súa participación mediante a presentación dunha declaración responsable. Esta declaración debe ser realizada antes da data de devengo da taxa correspondente. O rexistro oportuno é fundamental para aplicar correctamente as reducións tarifarias asociadas á participación no programa. A declaración responsable serve como un compromiso formal do usuario para adherirse aos requisitos do programa de recollida selectiva e permite ao Concello aplicar descontos ou reducións na taxa de xestión de residuos de forma efectiva e áxil.
2. Se un usuario se inscribe nun programa de recollida selectiva despois da data de devengo da taxa correspondente para o período en cuestión, a redución tarifaria será aplicada no seguinte período de cobro da taxa. Isto significa que as reducións ou incentivos non se aplicarán retroactivamente ao período anterior, senón que se aplicarán ao próximo período de facturación. Esta disposición asegura que as reducións tarifarias se xestionen de maneira organizada e xusta, permitindo ao Concello procesar e aplicar as reducións de forma adecuada conforme ao período de cobro establecido.

**Sección II. Programas de recollida selectiva****Artigo 84. Listaxe de programas de recollida selectiva**

O Concello poñerá en marcha os seguintes programas de recollida selectiva:

1. Programa de compostaxe individual
2. Programa da fracción orgánica
3. Programa de recollida porta a porta de papel e cartón
4. Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI
5. Programa de recuperación de comida
6. Programa de colectores de uso privado para fraccións monomateriais e/ou biorresiduos

**Artigo 85. Supervisión dos programas de recollida selectiva**

1. Establécense medidas de control, supervisión e avaliación continuada para todos os programas de recollida selectiva regulados nesta ordenanza, co fin de asegurar a súa correcta execución, o cumprimento das normativas vixentes e a consecución dos obxectivos ambientais e económicos establecidos.
2. Todos os usuarios (vivendas e actividades) que desexen participar nos programas de recollida selectiva deberán completar un proceso de inscrición mediante a presentación dunha declaración responsable. Esta declaración confirmará a súa disposición a cumprir coas obrigas do programa e será requisito imprescindible para optar ás reducións fiscais asociados.
3. Os participantes son responsables de manter actualizada a súa información de contacto e calquera outro dato relevante, incluíndo a localización do inmovible, a actividade realizada e os volumes estimados de residuos xerados. Calquera cambio deberá ser comunicado ao Concello nun prazo máximo de 30 días desde a súa ocorrencia.
4. O Concello realizará inspeccións periódicas e poderá desenvolver auditorías sobre o terreo para verificar o cumprimento dos requisitos establecidos en cada programa. Estas inspeccións incluírán, pero non se limitarán a, a revisión do estado dos equipos e colectores, a correcta separación dos residuos, e a comprobación da calidade dos materiais recollidos para evitar contaminación entre fraccións.
5. A participación nos programas supón o cumprimento estrito das normas que os regulan, así como das condicións establecidas pola presente ordenanza. O incumprimento destas obrigas poderá levar a sancións que inclúan desde advertencias formais até a exclusión temporal ou definitiva do programa, así como a perda das reducións fiscais ou incentivos económicos. As sancións tamén poderán estenderse a condutas que provoquen a deterioración dos equipos, a incorrecta separación dos residuos ou o uso indebido dos colectores.
6. Ademais das inspeccións, o Concello poderá realizar visitas de asesoramento técnico a aqueles participantes que o soliciten, co obxectivo de facilitar o cumprimento das normas e optimizar o uso dos recursos de recollida selectiva. Estas visitas buscarán resolver dúbidas sobre a operativa, mellorar a eficiencia do sistema e garantir unha correcta xestión dos residuos.
7. O Concello efectuará avaliacións periódicas de todos os programas de recollida selectiva, co obxectivo de medir o seu impacto en termos de cantidade de residuos recollidos, incremento das taxas de reciclaxe, aforro de custes, e a satisfacción dos participantes. Estas avaliacións incluírán a análise dos datos recollidos durante as inspeccións, así como a resposta dos usuarios, e servirán de base para a introdución de melloras continuas no programa, tales como



o aumento da frecuencia de recollida, a introdución de novas fraccións de residuos ou a ampliación do programa a novas zonas ou sectores.

8. As accións de control, supervisión e avaliación levaranse a cabo con estrito respecto á normativa vixente en materia de protección de datos e privacidade. A recollida, tratamento e almacenamento dos datos persoais dos participantes estarán exclusivamente destinados á xestión dos programas e á aplicación dos incentivos, garantindo en todo momento a confidencialidade e seguridade dos mesmos.
9. Para asegurar a máxima transparencia, o Concello poderá publicar informes anuais sobre o estado de execución dos programas, incluíndo os resultados das inspeccións e avaliacións, as melloras introducidas e o impacto ambiental e económico derivado da correcta xestión dos residuos. Estes informes estarán dispoñibles para consulta pública e serán un instrumento clave para fomentar a participación cidadá e a corresponsabilidade na xestión de residuos.

#### **Artigo 86. Programa de compostaxe individual**

1. O Programa de Compostaxe Individual ten como finalidade promover a transformación de residuos orgánicos domésticos en compost, un abono natural que enriquece a calidade e fertilidade do solo, ao tempo que reduce a dependencia de fertilizantes químicos sintéticos. Este programa está dirixido a usuarios que residan en zonas rurais ou en vivendas unifamiliares que dispoñan de espazos ao aire libre, como xardíns, hortas ou patios. A iniciativa contribúe, ademais, á diminución da cantidade de residuos enviados a tratamento, o que permite reducir os custos ambientais e económicos asociados.
2. Para apoiar a participación no programa, o Concello poderá proporcionar composteiros aos usuarios participantes. Ademais, facilitará información, materiais educativos e formación sobre o proceso de compostaxe. Esta formación incluírá guías prácticas que detallan a correcta separación dos residuos orgánicos e as técnicas adecuadas para a obtención de compost de calidade. Os materiais informativos cubrirán aspectos como:
  - Tipos de residuos que se poden compostar.
  - Estratexias para manexar o proceso de compostaxe en diferentes estacións do ano.
  - Usos e beneficios do compost obtido.
3. Co fin de garantir a correcta implementación do programa, o Concello levará a cabo visitas de verificación periódicas nos domicilios dos participantes. Estas inspeccións terán como obxectivo:
  - Avaliar o uso adecuado dos composteiros.
  - Resolver posibles dúbidas ou dificultades.
  - Asegurar que o proceso de compostaxe se axuste ás directrices establecidas. Durante estas visitas, comprobarase tamén o estado do compost producido e a calidade do proceso, así como a ausencia de materiais contaminantes ou inadecuados.
4. O Concello será responsable de monitorizar o estado e a distribución dos composteiros. Realizaranse revisións regulares para garantir que se manteñen en bo estado, e, de ser necesario, procederase á súa reparación ou substitución. O programa incluírá pautas claras para que os participantes coiden adecuadamente os composteiros e notifiquen calquera incidencia relacionada co seu uso.

#### **Artigo 87. Programa de fracción orgánica**

1. Créase o Programa de Fracción Orgánica para as zonas urbanas, co obxectivo de garantir unha xestión eficiente dos residuos biodegradables. Para iso, instalaranse colectores específicos dotados de sistemas de peche, que só permitirán o acceso aos usuarios autorizados. Este sistema evitará a mestura de residuos non orgánicos e asegurará que a fracción orgánica recollida sexa de alta calidade, permitindo o seu uso eficiente en procesos de tratamento como a compostaxe e a dixestión anaerobia, reducindo o impacto ambiental.
2. A correcta segregación e xestión dos residuos orgánicos non só permitirá unha redución significativa nos custos de tratamento, senón que tamén fomentará a sustentabilidade ambiental ao devolver os nutrientes ao solo mediante compostaxe. Ademais, o aproveitamento da fracción orgánica reducirá a emisión de gases de efecto invernadoiro ao minimizar a cantidade de residuos enviados a vertedoiro ou incineración.
3. Para garantir que só os usuarios autorizados poidan acceder aos colectores de fracción orgánica, o Concello implementará diversas medidas de control. Entre estas medidas, considerarase a posibilidade de instalar sistemas de peche, tanto electrónicos como físicos, que funcionarán mediante chaves, tarxetas ou sistemas dixitais, os cales poderían estar asociados a un rexistro municipal. Estas solucións buscan previr o depósito indebido de residuos e, ao mesmo tempo, mellorar a calidade dos materiais recollidos, evitando a contaminación por outras fraccións de residuos.

4. Os usuarios que participen no programa deberán cumprir estritamente cos requisitos de segregación, asegurando que a materia orgánica que depositen nos colectores estea libre de outros residuos ou calquera outro tipo de contaminante.
5. Os usuarios deberán cumprir coas disposicións establecidas nesta ordenanza, así como coa normativa vixente aplicable á xestión da fracción de biorresiduos (orgánica). Será obrigatorio respectar os requisitos específicos de separación, depósito e tratamento que garantan a correcta xestión destes residuos, promovendo así a sustentabilidade ambiental e reducindo a contaminación.
6. O éxito do programa dependerá en gran medida da correcta participación dos usuarios. Por iso, o Concello desenvolverá campañas de sensibilización dirixidas tanto aos fogares como aos establecementos comerciais e industriais adheridos ao programa, explicando os beneficios ambientais e económicos da correcta separación da fracción orgánica e ofrecendo formación sobre como identificar e depositar correctamente os residuos orgánicos.
7. O Concello realizará inspeccións periódicas nos colectores de fracción orgánica para verificar a calidade dos residuos depositados. Estas inspeccións terán como obxectivo detectar e corrixir posibles casos de contaminación que poidan afectar o proceso de compostaxe ou dixestión. O incumprimento reiterado destas normas poderá dar lugar á restrición do acceso ao programa ou a sancións administrativas, conforme á normativa municipal aplicable.

#### **Artigo 88. Programa de recollida porta a porta de papel e cartón**

1. Establécese o Programa de recollida porta a porta de papel e cartón, dirixido aos sectores comercial, industrial, escolar e a calquera outra actividade que xere cantidades significativas destes residuos. O obxectivo principal deste programa é asegurar unha recollida eficaz e libre de contaminación do material producido nestes ámbitos. Ademais, este programa busca evitar a saturación dos colectores públicos, mellorar a eficiencia na xestión dos residuos e incrementar as taxas de reciclaxe mediante a recollida directa nos puntos de xeneración. A través desta iniciativa, preténdese garantir un control máis rigoroso do proceso de recollida, minimizando a acumulación incontrolada de residuos en espazos públicos e promovendo unha xestión responsable e ordenada.
2. Os establecementos comerciais e industriais participantes deberán:
  - Garantir que o papel e cartón recollido se manteña limpo e seco en todo momento, evitando a mestura con outros materiais que poidan contaminar os residuos, como plásticos, metais ou residuos orgánicos.
  - Comprometerse a realizar unha correcta separación na orixe, axustándose ás indicacións proporcionadas polo Concello para garantir a reciclabilidade do material.
3. Os residuos de papel e cartón deberán ser entregados en condicións que faciliten a súa manipulación e recollida:
  - Deberán ser dispostos en fardos ou paquetes debidamente pregados, de xeito que sexan facilmente manexables polo persoal encargado da recollida.
  - Os materiais deberán ser almacenados en espazos cubertos nas instalacións designadas para a recollida até o momento da súa retirada, a fin de evitar a exposición a factores meteorolóxicos que poidan comprometer a súa calidade.
  - Prohíbese expresamente o depósito destes residuos no exterior dos establecementos antes da recollida para evitar problemas de orde pública e contaminación.
4. O servizo de recollida porta a porta será realizado polo Concello en días e horarios previamente establecidos, en función das necesidades e volumes xerados por cada actividade. A frecuencia de recollida poderá adaptarse á demanda de cada zona, en especial nos casos de negocios que xeren grandes cantidades de papel e cartón.
5. O Concello levará a cabo campañas de sensibilización dirixidas aos establecementos comerciais e industriais para informar sobre a importancia dunha correcta separación da fracción papel e cartón e sobre as vantaxes de participar no programa de recollida porta a porta. Ademais, proporcionarase formación práctica aos responsables de cada establecemento, co fin de garantir que se cumpran as normativas e boas prácticas necesarias para a reciclaxe eficaz de papel e cartón.
6. O programa será sometido a unha avaliación continua por parte do Concello co propósito de analizar o seu impacto en relación coas cantidades recollidas, a eficiencia da xestión, a mellora nas taxas de reciclaxe, a satisfacción dos participantes e o cumprimento das normas establecidas. A partir dos resultados desta avaliación, poderanse implementar procesos de mellora no programa.

**Artigo 89. Programa de recollida de vidro mediante sistema VACRI**

1. Créase o Programa de Recollida de Vidro mediante o sistema VACRI, dirixido prioritariamente ao sector da hostalaría, co obxectivo de incrementar a recuperación efectiva do vidro, un material 100% reciclable de alto valor económico e ambiental. O sistema VACRI facilita a xestión eficiente deste residuo mediante a súa recollida masiva, minimizando a presenza de contaminantes que poidan interferir no proceso de reciclaxe e contribuíndo a alcanzar os obxectivos municipais en materia de sustentabilidade e economía circular.
2. O Concello instalará colectores equipados co sistema VACRI en áreas de elevada concentración hostaleira, tales como zonas de bares, restaurantes, hoteis e outros establecementos relacionados co turismo e a restauración. Estas zonas serán determinadas mediante un estudo previo de densidade de actividade hostaleira e a cantidade de residuos xerados, co fin de maximizar a eficiencia e rendemento do programa.
3. Os establecementos hostaleiros serán informados sobre as vantaxes do programa e incentivados a adherirse a el de maneira voluntaria. O Concello levará a cabo campañas de sensibilización e formación para garantir que os propietarios e traballadores destes establecementos coñezan o sistema VACRI, así como as boas prácticas de separación e depósito do vidro nos colectores.
4. Os establecementos adheridos deberán seguir estritamente as seguintes normas:
  - Depósito exclusivo de vidro nos colectores asignados, evitando mesturas con outros materiais, como plásticos ou metais, que poidan contaminar o vidro e dificultar o seu proceso de reciclaxe.
  - O vidro deberá ser depositado limpo, preferiblemente sen restos de etiquetas, tapas ou contido.
  - Estarán prohibidos os depósitos de outros tipos de residuos, como cerámicas, cristais de parabrisas ou de fiestras, que non sexan considerados envases de vidro aptos para reciclaxe.
  - En todo caso, deberán respectarse as normas establecidas nesta ordenanza para esta fracción.
5. O Concello realizará inspeccións periódicas nos establecementos adheridos co fin de garantir o correcto cumprimento das normas de utilización e verificar que o vidro é recollido de maneira axeitada e conforme ás especificacións do programa. Estas inspeccións incluírán a comprobación do estado dos colectores, así como a revisión das cantidades de vidro depositado, para detectar posibles irregularidades ou necesidades de mellora na operativa do programa.
6. O Concello establecerá un protocolo de revisión da calidade do material que inclúa controis de pureza para detectar posibles contaminantes ou elementos non desexados, como metais ou residuos orgánicos. Asegurarse de que o vidro estea limpo e sen contaminantes é crucial para o proceso de reciclaxe, que busca obter material reciclado de alta calidade. Esta monitorización contribuirá tamén a mellorar a eficiencia do proceso de reciclaxe e a reducir os custos asociados ao tratamento de residuos.
7. Co obxectivo de aumentar a participación e a eficacia do programa, o Concello organizará campañas de divulgación dirixidas ao sector hostaleiro e á cidadanía en xeral. Estas campañas incluírán información sobre a importancia de reciclar vidro, os beneficios ambientais e económicos asociados e as boas prácticas no seu manexo. Ademais, proporcionarase asistencia técnica aos establecementos participantes para resolver dúbidas e mellorar a súa implicación.
8. O Concello poderá colaborar con outras administracións públicas, así como con entidades privadas especializadas en xestión do vidro, para optimizar o funcionamento do programa VACRI. Esta colaboración poderá estenderse ao financiamento de campañas de sensibilización ou á implementación de tecnoloxías que melloren a recollida e reciclaxe do vidro.

**Artigo 90. Programa de recuperación de comida**

1. O Programa de recuperación de comida está dirixido á hostalaría e aos supermercados co fin de reducir o desperdicio alimentario e apoiar ás comunidades vulnerables. Este programa ten como obxecto a redistribución de alimentos excedentes que, a pesar de ser aptos para o consumo, non se comercializan, reducindo de este xeito os residuos alimentarios.
2. O programa facilitará a entrega de alimentos excedentes a asociacións sociais e entidades benéficas ou de economía social, contribuíndo á redución do desperdicio e á mellora da seguridade alimentaria das persoas en situación de vulnerabilidade.
3. Dirixido principalmente ao sector da hostalaría e aos supermercados, o programa requirirá que as entidades participantes sigan os requisitos establecidos para garantir que os alimentos recuperados manteñan a súa calidade e seguridade durante todo o proceso.
4. Os interesados en participar no programa deberán formalizar a súa adhesión mediante a firma dun convenio ou acordo co Concello e coas asociacións sociais, entidades benéficas ou de economía social. Este convenio especificará as responsabilidades e compromisos de cada parte para asegurar a correcta implementación e operatividade do programa.

5. Os alimentos recuperados deberán ser separados e almacenados adecuadamente nas instalacións do establecemento antes da entrega. A recollida destes alimentos correrá ben por cargo da titular da actividade ou a asociación beneficiaria e ningún caso polo Concello.
6. A entrega dos alimentos ás asociacións sociais, entidades benéficas ou de economía social será realizada conforme ás normas de seguridade alimentaria, garantindo a integridade dos produtos durante todo o proceso de redistribución.
7. A participación no programa por parte de cadeas de supermercados ou de establecementos hostaleiros e de restauración que operen tanto dentro como fóra do Concello, a súa participación no programa limitárase exclusivamente ás instalacións situadas no termo municipal de Arteixo. Non se admitirán convenios de colaboración de instalación situadas fóra do Concello, nin convenios de carácter xeral como xustificación para a adhesión. É necesario ratificar que as instalacións que participan neste programa están situados no Concello de Arteixo.
8. Pola súa banda, as asociacións sociais, entidades benéficas ou de economía social receptoras destes alimentos poderán ter a súa sede en Arteixo, admitíndose tamén a posibilidade de que estean localizadas fóra do Concello.
9. O Concello realizará un seguimento regular do programa para garantir a conformidade cos estándares de calidade e seguridade. As entidades participantes deberán facilitar información anual que inclúan datos sobre a cantidade de alimentos recuperados e a súa distribución, garantindo a transparencia e a efectividade do programa.
10. O programa de recuperación de comida contribúe á redución do desperdicio de alimentos, optimiza os recursos e apoia ás persoas en situación de vulnerabilidade. Ademais, promove a responsabilidade social e a sustentabilidade ambiental ao minimizar a cantidade de residuos orgánicos enviados aos vertedoiros.

#### **Artigo 91. Programa de colectores de uso privado para as fraccións monomateriais e/ou biorresiduos**

1. Créase o Programa de colectores de uso privado para as fraccións monomateriais e/ou biorresiduos, dirixido ás actividades, co propósito de mellorar a xestión dos residuos xerados por estes sectores.
2. Estes colectores específicos, destinados á recollida de fraccións monomateriais (vidro, papel e cartón, envases lixeiros) e/ou fracción biorresiduos (orgánica), diferéncianse do colector de uso privado destinado á fracción resto, que está suxeito á correspondente taxa fiscal.
3. As empresas adheridas ao programa deberán adquirir e garantir o mantemento dos seus propios colectores, que deberán estar permanentemente en perfecto estado de conservación e funcionamento, cumprindo estritamente coas normativas de hixiene e seguridade vixentes. Ademais, os colectores deberán ser compatibles cos sistemas de recollida e enganche dos vehículos recolectores municipais. O Concello proporcionará previamente as especificacións técnicas e tipoloxía de colectores necesarias para cada fracción de residuos. A compatibilidade dos colectores deberá ser verificada e aprobada pola entidade municipal competente antes da súa integración no sistema de recollida, asegurando unha operatividade eficiente e segura.
4. En todo caso, para a xestión dos colectores deste programa, aplicárase o disposto nos artigos 41 e 42 da presente ordenanza, que se refiren aos colectores de uso privado.
5. A implementación deste programa facilitará unha mellor segregación en orixe, reducindo a contaminación cruzada entre fraccións de residuos e optimizando o uso dos recursos municipais. Isto contribuirá a mellorar a eficiencia do sistema de recollida e tratamento, ao tempo que promoverá prácticas sostibles nas empresas, facilitando a correcta separación e reciclaxe dos materiais.
6. As empresas participantes deberán dispoñer dun espazo adecuado nas súas instalacións para a correcta localización dos colectores. Estes espazos deberán permitir o acceso seguro e eficiente dos vehículos de recollida, ademais de contar con medidas que eviten a acumulación indebida de residuos ou a creación de focos insalubres.
7. O Concello realizará inspeccións periódicas para verificar o cumprimento dos requisitos de segregación establecidos no programa. Estas inspeccións incluírán a revisión do estado dos colectores, asegurando que se manteñen en bo estado de conservación, limpeza e operatividade. Tamén se verificará que se está a seguir correctamente o proceso de separación de residuos, garantindo así a contribución efectiva ao sistema de recollida selectiva.
8. O programa incluírá un sistema de monitorización continua para avaliar a súa eficacia e identificar oportunidades de mellora. Este seguimento permitirá adaptar as directrices e procedementos en función das necesidades detectadas, garantindo unha mellora constante na xestión dos residuos e na eficiencia do programa.
9. Para efectos de aplicar a dedución correspondente na taxa fiscal, cada colector asignado a unha fracción específica será considerado individualmente como un programa de recollida selectiva diferente.

### TITULO III. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

#### CAPITULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

##### Artigo 92. Responsabilidades

1. As accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta ordenanza xerarán responsabilidades administrativas, sen prexuízo das civís ou penais que, se é o caso, puidesen esixirse.
2. As responsabilidades derivadas do incumprimento do disposto nesta ordenanza serán esixíbeis non só polos actos propios, senón tamén polos daqueles de quen se deba responder, consonte o disposto na lexislación vixente e nesta mesma ordenanza.
3. Cando existan varios responsábeis e non sexa posíbel determinar o grao de participación de cada un deles na comisión da infracción, a responsabilidade esixirase solidariamente.
4. Cando os danos causados se produzan por acumulación de actividades debidas as diferentes persoas, poderá imputarse individualmente esta responsabilidade e os seus efectos económicos sempre que sexa posíbel coñecer o grao de implicación de cada unha.
5. Cando se trate de obrigas de carácter colectivo, tales como a limpeza, mantemento e conservación de zonas comúns, a responsabilidade esixirase á correspondente comunidade de propietarios ou aos habitantes do inmóbel se esta non estivese constituída.

##### Artigo 93. Inspección

1. Corresponde ao Concello, a través do Servizo de Residuos Municipal, da Policía Local e do Servizo de Vixilancia Ambiental a supervisión do cumprimento do disposto nesta ordenanza.
2. Os cidadáns están obrigados a prestar toda a colaboración aos exames, controis, tomas de mostras, recollida de información, pescudas ou investigacións realizadas polos inspectores ou vixilantes, co fin de permitir a recollida de información necesaria para o cumprimento das súas funcións.

##### Artigo 94. Denuncias

1. Calquera persoa poderá formular denuncias ou queixas por condutas que poidan contravir o disposto nesta ordenanza.
2. Nas denuncias que se formulen deberá constar un relato dos feitos que puidesen constituír infracción, con expresión de lugar, data e hora, así como a identidade do denunciado, se fose posíbel, o nome do denunciante, o seu documento de identidade e un número de teléfono de contacto para posibilitar o labor do Servizo de Inspección.
3. As denuncias que formule o Concello estenderanse no correspondente boletín de denuncia ou acta de inspección, por triplicado, e entregárase un exemplar ao denunciado, se fose posible. A sinatura da acta por parte do denunciado non implicará, en ningún caso, conformidade cos feitos documentados nela.
4. As actas de inspección reunirán os requisitos establecidos na lexislación correspondente e gozarán de presunción de certeza para os efectos probatorios.

##### Artigo 95. Deber de colaboración.

1. Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto desta Ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal mencionado no artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección, o acceso ás citadas instalacións, así como prestar colaboración e facilitar a documentación necesaria para o desenvolvemento destas labores de inspección.

##### Artigo 96. Réxime sancionador

1. As infraccións contra esta ordenanza municipal serán sancionadas, logo da instrución do correspondente expediente, consonte os principios e procedementos regulado na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

##### Artigo 97. Obrigas da restauración, multas coercitivas e execución subsidiaria

1. Sen prexuízo da sanción que corresponda, os infractores estarán obrigados á reposición ou restauración da realidade física alterada, na forma e condicións que determine o órgano que impuxo a sanción.
2. A existencia destas medidas reparadoras ou restauradoras, que inclúen as posíbeis indemnizacións por danos e perdas, poderán facerse no propio procedemento sancionador ou, se é o caso, noutro complementario.

Se os infractores non procedesen á reposición ou á restauración na forma e prazos sinalados no requirimento competente, poderase acordar a imposición de multas coercitivas reiterables consonte o artigo 103 da *Lei 39/2015, de*



*1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 141 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.*

3. Así mesmo, nestes casos, e para os supostos de incumprimento dos requirimentos relativos á obriga de realizar obras ou outras operacións de limpeza, mantemento, conservación, ou xestión de residuos, o órgano competente para sancionar poderá acordar a execución subsidiaria por conta do infractor.
4. Será potestade dos servizos municipais a retirada, sen previo aviso, de todo obxecto ou material abandonado cando a súa persistencia dificulte o paso, a circulación ou sexa causa de afección grave ao medio ambiente, á limpeza ou ao estado da vía pública, ao funcionamento de servizos públicos ou actividades autorizadas e, en xeral, á saúde e seguridade de persoas ou dos bens públicos. Os gastos que ocasione tal retirada, traslado ou depósito correrán por conta dos que resulten acreditados como os seus propietarios ou posuidores.

#### **Artigo 98. Traballos en beneficio da comunidade**

1. En función das circunstancias de cada caso, por medio dun procedemento adicional de execución, o infractor sancionado ou o seu representante legal e o órgano sancionador poden convir de mutuo acordo que, tanto as sancións económicas, como a esixencia do importe dos danos e perdas causados, sexan substituídos por traballos en beneficio da comunidade. Estes traballos serán fixados mediante resolución motivada, con expresión da súa duración e condicións.
2. Este procedemento adicional de execución será especialmente aplicable ás accións ou omisións constitutivas de actos vandálicos tales como substraer, incendiar, romper, ou pintar o mobiliario ou os equipamentos urbanos destinados á xestión de residuos.

### **CAPITULO II: TIPIFICACIÓN DE INFRACCIÓNS**

#### **Artigo 99. Infraccións**

1. Consideraranse infraccións aquelas accións ou omisións que contraveñan o establecido nesta Ordenanza, así como aquelas que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica reguladora das materias incluídas, sen prexuízo de que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.
2. As infraccións tipificadas nesta Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves, de acordo co establecido na lexislación de residuos e na de Réxime Local.

#### **Artigo 100. Infraccións leves**

Consideraranse infraccións leves:

- a. Depositara, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo doméstico ou urbano na vía pública, en lugares de baño, marxes dos ríos, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.
- b. A realización de actos que ocasionen desfeitas ou danos ao mobiliario ou equipamento urbano destinado á xestión de residuos.
- c. Incumprir as prohibicións establecidas no artigo 22.1 en canto ás condicións de almacenamento de residuos domésticos ou urbanos.
- d. Realizar calquera acción que infrinja o disposto nos artigos 9 e 24, sempre que, pola súa entidade ou volume, non sexa cualificada como grave ou moi grave, agás o incumprimento do artigo 9.5, que será considerado como infracción grave ou moi grave.
- e. Incumprir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, salvo que este incumprimento, pola súa entidade, mereza a cualificación de grave ou moi grave.
- f. Incumprir as obrigas sinaladas nos artigos 29 (presentación dos residuos ordinarios), 30 (normas de utilización dos colectores), 31 (horarios) e 42 (normas de utilización de colectores de uso privado).
- g. Non respectar as normas do depósito, frecuencias e horarios establecidos polo Concello para as recollidas porta a porta.
- h. Depositara residuos voluminosos na vía pública sen a previa confirmación municipal ou que incumpran o acordado no concertación do servizo especial de recollida.
- i. Incumprir as obrigas relativas á disposición dos cadáveres dos animais domésticos mortos.
- j. Depositara entullos en colectores de uso colectivo ou de uso privado ou particular.



- k. Depositar restos de podas en colectores de uso colectivo ou de uso privado por enriba das cantidades máximas sinaladas.
- l. Incumprir as normas establecidas para o uso das zonas de compostaxe individual ou comunitaria, sempre e cando non comprometa ou impida o funcionamento normal da mesma.
- m. Incumprir as normas establecidas para o uso do punto limpo, especialmente aquelas relacionadas cos aspectos cuantitativos e cualitativos dos residuos, así como a falta de observancia dos límites de admisibilidade en termos de volume ou natureza dos materiais depositados.
- n. A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.
- o. Non cumprir coas normas xerais na participación de programas de recollida selectiva no marco dos incentivos ambientais

#### **Artigo 101. Infraccións graves**

Consideraranse infraccións graves:

- a. O abandono ou vertido incontrolado na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello de calquera tipo de residuos municipais, incluído o de lixo disperso, sen que se poña en perigo grave a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b. A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como o incumprimento das obrigacións de colaboración previstas no artigo 95 desta Ordenanza.
- c. A mala fe na entrega dos residuos ou a falta de información sobre as características dos residuos entregados.
- d. Mover ou desprazar, sen autorización, elementos de mobiliario urbano situados na vía pública dedicados aos servizos de recollida de residuos ou de limpeza viaria como consecuencia da realización de obras nas súas proximidades.
- e. Realizar actos vandálicos tales como subtraer, incendiar, romper, ou pintar mobiliario ou equipamentos urbanos destinados á xestión de residuos ou á limpeza viaria, de forma que quede inservíbel para o seu uso ou cando o custo da reparación sexa superior en máis dun 30% ao seu valor de mercado.
- f. A obstrución ao exercicio da actividade inspectora ou de vixilancia.
- g. Non facilitar aos servizos municipais información sobre a orixe, cantidade ou características dos residuos que poidan ocasionar problemas na súa xestión, así como proporcionar datos falsos.
- h. A reincidencia na comisión no termo dun ano, de infraccións leves da mesma natureza.
- i. Entregar residuos municipais a terceiros non autorizados ou non inscritos no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Galicia.
- j. O incumprimento por parte do promotor das obras do establecido no artigo 34.1 e 34.3 desta ordenanza.
- k. Incumprir as obrigas de mantemento dos recintos para a situación de colectores de uso privado de carga superior nas debidas condicións de limpeza, seguridade, funcionalidade e ornato, cando disto se derive risco ou perigo para a seguridade ou a saúde das persoas ou deterioro grave do medio ambiente.
- l. Depositar voluminosos na vía pública con ou sen previa confirmación municipal que poidan en poñer en dificultade ou perigo aos viandantes ou tráfico rodado.
- m. Realizar calquera das condutas sinaladas no artigo 24.5 (cadáveres de animais de compañía).
- n. Depositar residuos sanitarios da clase II en colectores para a súa recollida polo servizo municipal.
- o. A non presentación da documentación que xustifique a xestión dos residuos cun terceiro por parte dos titulares das actividades que manifestasen non adherirse ao sistema municipal de residuos.
- p. O uso dos servizos municipais que oferta o Concello en materia de residuos por parte das actividades que manifestasen non adherirse ao sistema municipal de residuos sempre cando se trate de residuos non perigosos.
- q. Utilizar os puntos limpos para residuos non domésticos ou urbanos.
- r. Abandonar vehículos nos espazos públicos con incumprimento das condicións recollidas nesta ordenanza.
- s. Incumprir as normas establecidas para o uso das zonas de compostaxe comunitaria, cando quede comprometa ou impida o funcionamento normal da mesma.

- t. A comisión dalgunha das infraccións sinaladas como moi graves cando pola súa escasa contía ou entidade non mereza esta cualificación de moi grave.

#### **Artigo 102. Infraccións moi graves**

Consideraranse infraccións moi graves as seguintes:

- a. O abandono ou vertido incontrolado na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello, de calquera tipo de residuos municipais cando se poña en perigo grave a saúde das persoas ou se produza un dano ou deterioro grave para o medio ambiente.
- b. A reincidencia, no termo dun ano, na comisión dunha infracción grave da mesma natureza.
- c. A entrega de residuos domésticos e comerciais non perigosos contravindo o establecido nesta Ordenanza, de conformidade co disposto no artigo 20.3 da Lei 7/2022, sempre que se perturbe gravemente a saúde e hixiene públicas, a protección do medio ambiente ou a seguridade dos consumidores.
- d. O uso dos servizos municipais que oferta o Concello en materia de residuos por parte das actividades que manifestasen non adherirse ao sistema municipal de residuos sempre cando se trate de residuos perigosos.
- e. A realización de accións contrarias as indicadas no artigo 9, ou o incumprimento das prohibicións establecidas no artigo 24, cando destas accións se derive:
  - Unha perturbación relevante da convivencia que afecte de maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutros individuos, ao normal desenvolvemento de actividades de toda clase conforme á normativa aplicable ou á salubridade ou ornato públicos, sempre que se trate de condutas non incluídas nas infraccións tipificadas na Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
  - O impedimento continuo do uso do servizo de recollida ou doutro servizo público por outras persoas con dereito á súa utilización.
  - O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao funcionamento normal do servizo de recollida ou doutro servizo público poñendo en perigo a saúde das persoas ou o medio ambiente.

#### **Artigo 103. Sancións**

As infraccións tipificadas nos artigos 100 a 102 darán lugar á imposición das seguintes sancións:

1. No caso de infraccións leves:

- a) Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados b) e c) do artigo 100: multa de até 2.000 euros.
- b) No resto de infraccións leves: multa de até 750 euros.

2. No caso de infraccións graves:

- a) Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), f) e g) do artigo 101: multa desde 2.001 euros até 100.000 euros, agás se trata de residuos domésticos perigosos, caso no que a multa será desde 20.001 euros até 600.000 euros.
- b) No resto de infraccións graves: multa de até 3.000 euros.

3. No caso de infraccións moi graves:

- a) Cando se trate das infraccións tipificadas no apartado a) do artigo 102: multa desde 100.001 euros até 3.500.000 euros, agás se se trata de residuos perigosos, caso no que a multa será desde 600.001 euros até 3.500.000 euros.
- b) No resto de infraccións moi graves: multa de até 10.000 euros.

#### **Artigo 104. Obrigación de reposición**

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso corresponda, o infractor deberá reparar o dano causado, restablecendo a situación alterada ao seu estado orixinario.
2. Se o infractor non procede a reparar o dano causado no prazo sinalado ou persiste na conduta que deu lugar á infracción, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 105 da presente Ordenanza.
3. Así mesmo, en caso de incumprimento, dita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo Concello, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Os custos xerados polas actuacións realizadas serán a cargo do suxeito responsable da infracción, exixíndolle, de ser o caso, a indemnización correspondente polos danos e prexuízos ocasionados.

**Artigo 105. Multas coercitivas**

Se os infractores non procedesen á reposición ou á restauración na forma e prazos sinalados no requirimento competente, poderase acordar, se procede, a imposición de multas coercitivas reiterables consonte o artigo 103 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administraciones Públicas.

**Artigo 106. Prescrición das infraccións e das sancións****1. As sancións impostas prescribirán nos seguintes prazos:**

- a. As infraccións leves: Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados b) e c) do artigo 100, ao ano; o resto de infraccións leves, aos seis meses.
- b. As infraccións graves: Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), f), e g) do artigo 101, aos tres anos; o resto de infraccións graves, aos dous anos.
- c. As infraccións moi graves: Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartado a) do artigo 102, aos cinco anos; o resto de infraccións moi graves, aos tres anos.

**2. As sancións impostas prescribirán nos seguintes prazos:**

- a. As impostas por infraccións leves: ao ano.
- b. As impostas por infraccións graves: Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a), b), c), f), e g) do artigo 101, aos tres anos; o resto de infraccións graves, aos dous anos.
- c. As impostas por infraccións moi graves: Cando se trate das infraccións tipificadas nos apartados a) do artigo 102, aos cinco anos; o resto de infraccións moi graves, aos tres anos.

**Artigo 107. Gradación das sancións****1. As sancións imporanse atendendo aos seguintes criterios:**

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsábel.
- A reincidencia, no termo dun ano, na comisión de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así fose declarada por resolución firme.
- A intencionalidade.

**2. Na imposición da sanción terase en conta que, en todo caso, a comisión da infracción non resulte máis beneficiosa para o infractor que o cumprimento das normas infrinxidas.****Artigo 108. Potestade sancionadora**

De acordo co previsto na lexislación básica estatal e autonómica de aplicación, a potestade sancionadora na materia regulada nesta Ordenanza, no tocante aos residuos domésticos ou urbanos recae no Alcalde do Concello de Arteixo.

**Artigo 109. Publicidade**

O órgano que exerza a potestade sancionadora poderá acordar a publicación no Boletín Oficial da Provincia, e a través dos medios de comunicación social que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA****Competencia**

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias poderá interpretar, aclarar e desenvolver os preceptos establecidos na da presente Ordenanza.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA****Establecemento dos incentivos ambientais e entrada en funcionamento**

No caso de que a implantación dos incentivos ambientais recollidos no Capítulo III do Título III desta ordenanza requira a adopción de medidas técnicas ou administrativas específicas por parte da Administración, e estas aínda non estean operativas ou dispoñibles para un programa de recollida selectiva determinado, non será posible solicitar a participación no dito programa nin, no seu caso, aplicar as reducións na taxa fiscal correspondente.

Neste suposto, o Concello comprométese a comunicar de forma clara e transparente a indispoñibilidade temporal dos incentivos a través de canles oficiais de ampla difusión, co fin de evitar expectativas erróneas por parte dos usuarios. Ademais, informarase oportunamente sobre o calendario previsto para a posta en funcionamento dos incentivos, unha vez se resolvan os requisitos técnicos ou administrativos pendentes. Deste modo, asegúrase que a activación dos incentivos se realice de forma eficaz, garantindo o seu correcto funcionamento e impacto positivo na xestión de residuos e na sustentabilidade ambiental.

#### **DISPONSICIÓNS TRANSITORIA SEGUNDA**

##### **Procedementos iniciados antes da entrada en vigor**

Aos procedementos iniciados antes da entrada en vigor da presente norma seralles de aplicación a normativa vixente no momento do seu inicio. No caso de non estaren rematados, seralles, non obstante, de aplicación, o réxime sancionador que resulte máis favorable ao interesado.

#### **DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**

Queda derogada a Ordenanza Municipal N° 46 de Xestión De Resíduos Domésticos Do Concello De Arteixo, aprobada por acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2017, así como todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que regulen materias incluídas na presente Ordenanza, na medida en que resulten incompatibles ou contraditorias co seu contido.

En particular, quedan tamén derogados os artigos 20, 21, 22, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 30 da Ordenanza Municipal N° 35 de policía, bo goberno e medidas para fomentar e garantir a convivencia cidadá no espazo público do Concello de Arteixo.

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

##### **Entrada en vigor**

Esta Ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P.), de acordo co establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.”

Asdo. Dix. José Manuel Pena Sanmartín (31.03.2025)

Concelleiro de Servizos Municipais

2025/2065